B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.

B5.2. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países.

B5.3. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

B5.4. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.

B5.5. Identificación de recursos literarios.

B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.

B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.

B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.

B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-**

### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR**

B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos demais.

B1.2. Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais.

B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.

B1.4. Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais.

B1.5. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso.

B1.6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.

B1.7. Memorizar e reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.

B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, dialogados e expositivos, narrativos, argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).

B1.9. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos.

B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.

B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.

**BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER**

B2.1. Ler en voz alta textos, con fluidez e entoación adecuada.

B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.

B2.3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.

B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.

B2.5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole

B2.6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.

B2.7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais.

B2.8. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.

B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.

B2.10. Desenvolver o plan lector que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia lectora e fomenta o gusto pola lectura.

**BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR**

B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.

B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.

B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.

B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.

B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.

B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.

B3.7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.

B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.

#### **BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA**

B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos) así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua

B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.

B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.

B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.

B4.6. Coñecer a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como cara ao español de América.

#### **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.

B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.

B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns ou adiviñas.

B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.

B5.5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.

B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.-**

Estes estándares permitirán definir os resultados das aprendizaxes e concretarán mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer en cada área de primaria. Están graduados e secuenciados ao longo da etapa e deberán estar acadados e consolidados.

Faranse en acordo cos obxectivos de etapa e cunha metodoloxía apropiada a súa idade.

### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR**

LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).

LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.

LCB1.1.3. escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.

LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.

LCB1.2.1. Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais

LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.

LCB1.3.2. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituindo elementos básicos do modelo dado.

LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - Debates e diálogos.

Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.

LCB1.3.4. Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.

LCB1.4.1. Aмосa unha actitude de escoita atenta.

LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.

LCB1.4.3. Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións).

LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.

LCB1.5.3. Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas (palabras homófonas, homónimas, parónimas, polisémicas).

LCB1.6.1. Identifica o tema do texto.

LCB1.6.2. Identifica as ideas principais dun texto.

LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.

LCB1.7.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.

LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.

LCB1.8.2. Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais.

LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.

LCB1.9.1. Reproduce comprensiblemente textos orais breves e sinxelos imitando modelos e axustándose á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).

LCB1.9.2. Recordar algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésalas oralmente en resposta a preguntas directas.

LCB1.9.3. Organiza e planifica o discurso axeitándose á situación de comunicación e aos diferentes modos discursivos (narrar, describir, informarse e dialogar) empregando os recursos lingüísticos pertinentes.



LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.

LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.

LCB1.11.2. Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos

LCB1.11.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos.

LCB1.11.4. Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese.

## **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER**

LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.

LCB2.1.2. Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras.

LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.

LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).

LCB2.3.1. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade.

LCB2.3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos.

LCB2.4.1. Capta o propósito de diferentes tipoloxía textuais. Identifica as partes da súa estrutura organizativa, analiza a súa progresión temática.

LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.

LCB2.4.3. Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto.

LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos.

LCB2.5.1. Interpreta o valor do título e as ilustracións.

LCB2.5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.

LCB2.5.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.

LCB2.5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.

LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.

LCB2.5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos.

LCB2.6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos.

LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.

LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo.

LCB2.8.1. Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.

LCB2.8.2. Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade.

LCB2.8.3. Infere, interpreta e formula hipótese sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos diferentes tipos de textos.

LCB2.8.4. Establece relación entre as ilustracións e os contidos do texto, presenta hipóteses, realiza predicións, e identifica na lectura o tipo de texto e a intención.

LCB2.8.5. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos publicitarios.

LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información.

LCB2.9.2. Interpreta a información e fai un resumo da mesma.

LCB2.10.1. Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento da mesma.

LCB2.10.2. Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, editorial, xénero ou ilustracións.

LCB2.10.3. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de lecer manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.

### **BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR**

LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, ....

LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

LCB3.1.3. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.

LCB3.2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.

LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.

LCB3.2.3. Reproduce textos ditados con corrección.

LCB3.2.4. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais.

LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura.

LCB3.4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais e revistas).

LCB3.4.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.

LCB3.4.3. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.

LCB3.5.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.

LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista.

LCB3.7.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión ortográfica e orde nas súas producións escritas. Reescribe o texto.

LCLCB3.7.2. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.

LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.

#### **BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA**

LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.

LCB4.1.2. Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos.

LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.

LCB4.2.1. Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.

LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.

LCB4.2.4. Recoñece e usa os conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade...

LCB4.2.5. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado .

LCB4.3.1. Recoñece a estrutura do dicionario e tipos de dicionario, en diferentes soportes e úsaos para buscar o significado.

LCB4.3.3. Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.

## **CIENCIAS SOCIAIS:**

### **CONTIDOS**

#### **BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS**

B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias sociais.

B1.2. Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).

B1.3. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.

B1.4. Desenvolvemento de estratexias para organizar, asimilar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes. □ B1.5. Técnicas de traballo intelectual.

B1.6. Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. Elaboración dun glosario colectivo.

B1.7. Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa. □

B1.8. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.

B1.9. Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información

B1.10. Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.

B1.11. Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.

B1.12. Participación activa e construtiva na vida social.

B1.13. A cooperación e o diálogo como valores democráticos fundamentais.

B1.14. Iniciativa emprendedora. Actividades de experimentación

B1.15. Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos.

## **BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA**

B2.1. Cartografía. Planos, mapas e planisferios.

B2.2. Tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos.

B2.3. Escalas e signos convencionais dun mapa.

B2.4. Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.

B2.5. O clima. Elementos e factores climáticos.

B2.6. A paisaxe: elementos que o forman, tipos de paisaxes.

B2.7. Características dos principais paisaxes de España e de Europa

B2.8.A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo, climas e hidrografía.

B2.9. Utilización e consulta en sistemas de información xeográfica.

B2.10.A intervención humana no medio. Consumo responsable. Os problemas da contaminación.

B2.11.O desenvolvemento sostible.

B2.12. Elaboración dun plan de reciclaxe.

B2.13.O cambio climático: causas e consecuencias.

### **BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE**

B3.1.A Unión Europea.

B3.2.A organización económica, social, política e territorial da Unión Europea. - Aproximación a algunhas características significativas dos países europeos a través dun proxecto cooperativo.

B3.3.Demografía e poboación. Variables demográficas.

B3.4.Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación.

B3.5.Representación gráfica de datos demográficos: as pirámides de poboación.

B3.6 Poboación de Europa: distribución e evolución.

B3.7.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de emigrantes ao noso país, problemas actuais da poboación. Estudo dos movementos migratorios da familia.

B3.8.As actividades económicas e os sectores produtivos de España e Europa.

B3.9.A produción de bens e servizos.

B3.10.O consumo e a publicidade. Debates sobre a influencia da publicidade nas nosas prácticas diarias.

B3.11.Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal.

B3.12.Empregabilidade e espírito emprendedor.

B3.13.A empresa. Actividade e funcións.

### **BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO**

B4.1.As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.

B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación. Realización dun traballo expositivo seleccionando e clasificando distintas fontes (artísticas, literarias, gráficas, estadísticas, cartográficas, orais, etc.)

B4.3.O tempo histórico e a súa medida.

B4.4.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia

B4.5.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX.

B4.6.España na Idade Contemporánea I: o século XIX.

B4.7.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX.

B4.8.España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.

B4.9.España na Unión Europea.

B4.10.O Mundo Actual. Realización de arquivos sobre temas de actualidade.

B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.

B4.12.Patrimonio da Humanidade. Elaboración dunha guía sobre os sitios e lugares Patrimonio da Humanidade

B4.13.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.

## **CRITERIO DE AVALIACIÓN**

Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)

Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.

Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.

Respecta a variedade dos diferentes grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos

Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.

Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais

Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.

Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.

Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.

Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.

Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.

Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.

Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.

Explica as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os diferentes tipos de empresas

Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.

Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

## **Estándares de aprendizaxe**

### **BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS**

CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.



CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.

CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.

CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.

CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.

CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.

CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

CSB1.5.2.Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

CSB1.6.1.Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.

CSB1.7.1.Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros

CSB1.7.2.Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia, barrio etc.)

CSB1.8.1.Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.

CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.

CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CSB1.10.1.Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.

CSB1.10.2.Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.

## **BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA**

CSB2.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.

CSB2.2.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan

CSB2.3.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.

CSB2.4.1. Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.

CSB2.4.2. Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.

CSB2.5.1. Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.

CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.

## **BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE**

CSB3.1.1. Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.

CSB3.1.2. Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.

CSB3.2.1. Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente

CSB3.2.2 Interpretar unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.

CSB3.3.1. Describe as principais características da poboación española e europea.

CSB3.3.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade

CSB3.3.3. Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.

CSB3.3.4.Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea.

CSB3.4.1.Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.

CSB3.4.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.

CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.

CSB3.5.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes

CSB3 6.1.Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.

CSB3 7.1.Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles

CSB3 7.2.Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.

CSB3.7.3.Investiga sobre diferentes estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información

CSB3 8.1.Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.

CSB3.9.1.Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven.

CSB3.9.2.Describe diversas formas de organización empresarial.

CSB3.9.3.Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as definicións con exemplos.

#### **BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO**

CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.

CSB4.2.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos

CSB4.3.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.

CSB4.3.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.

CSB4.3.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.

CSB4.3.4. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes

CSB4.3.5. Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.

CSB4.3.6. Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.

CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora

CSB4.4.2. Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.

CSB4.5.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.

CSB4.5.2. Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

## **CIENCIAS NATURAIS:**

### **CONTIDOS**

#### **BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**

B1.1. Iniciación á actividade científica.

B1.2. Emprego de diferentes fontes de información.

B1.3. Lectura de textos propios da área.

B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.

B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). Xestión de ficheiros.

B1.6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.

B1.7. Traballo individual e cooperativo.

B1.8. A igualdade entre homes e mulleres. A conduta responsable.

B1.9. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. Toma de decisións: criterios e consecuencias.

B1.10. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

B1.11. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

B1.12. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

B1.13. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.

B1.14. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción.

B1.15. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.

## **BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE**

B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.

B2.2. Anatomía e fisioloxía.

B2.3. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.

B2.4. Diferentes tipos de células. Os virus e as bacterias.

B2.5. As funcións vitais no ser humano.

B2.6. Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor).

B2.7. Función de nutrición (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).

B2.8. Función de reprodución (aparello reprodutor).

B2.9. Saúde e enfermidade.

B2.10. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano.

B2.11. Hábitos saudables para previr enfermidades.

B2.12. Trastornos alimenticios.

B2.13. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.

B2.14. Tipos de dietas.

B2.15. Análise de etiquetas de produtos.

B2.16. Avances da ciencia que melloran a saúde e a vida.

B2.17. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.

### **BLOQUE 3. OS SERES VIVOS**

B3.1. Seres vivos, seres inertes. Diferenciación.

B3.2. Organización e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.

B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.

B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación

B3.5. As plantas: estrutura e fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.

B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema.

B3.7. Ecosistemas: pradería, poza, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos.

B3.8 Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

B3.9. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.

B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.

B3.11. Uso da lupa para a observación científica.

### **BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA**

B4.1. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía.

□

B4.2. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.

B4.3. Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.

B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables  
O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.

B4.6. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.

B4.7. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.

B.4.8. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.

B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor)

B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas.

B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.

B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

B4.13. Normas de prevención de riscos.

## **BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**

B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.

B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.

B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.

B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas.

B5.5. Elementos dos circuítos eléctricos.

B5.6. Efectos da electricidade.

B5.7. Condutores e illantes.

B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo.

B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade.

B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.

B5.11. Importantes descubrimentos e inventos.

## **CRITERIO DE AVALIACIÓN**

### **BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**

B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.

B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.

B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais .

B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.

### **BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE**

B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.

B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.

B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.

### **BLOQUE 3. OS SERES VIVOS**

B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.

B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.



B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

#### **BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA**

B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.

B4.3. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.

B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.

#### **BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**

B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.

B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.

B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.

B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.

### **ESTANDARES DE APRENDIZAXE**

#### **BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.

CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.

CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).

CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.

CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.

CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.

CNB1.4.1. Realiza proxectos experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.

CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.

## **BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE**

CNB2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.

CNB2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.

B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.

## **BLOQUE 3. OS SERES VIVOS**

B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.

B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.

B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

## **BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA**

B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.

B4.3. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.

B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.

## **BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**

B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.

B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.

B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.

B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.

# **MATEMÁTICAS: CONTIDOS**

## **BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.

B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.

B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.

B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

## **BLOQUE 2. NÚMEROS**

B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións.

B2.2. A numeración romana.

B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.

B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.

B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.

B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.

B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e milésimas.

B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.

B2.9. Os números decimais: valor de posición.

B2.10. Números positivos e negativos.

B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.

B2.12. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.

B2.13. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima.

B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.

B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador

B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.

B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.

B2.18. Estimación de resultados.

- B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.
- B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.
- B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.
- B2.22. Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de base 10.
- B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división.
- B2.24. Operacións con fraccións.
- B2.25. Operacións con números decimais.
- B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.
- B2.27. Porcentaxes e proporcionalidade.
- B2.28. Expresión das partes utilizando porcentaxes.
- B2.29. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.
- B2.30. Aumentos e diminucións porcentuais.
- B2.31. Proporcionalidade directa.
- B2.32. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade.
- B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.
- B2.34. Automatización de algoritmos.
- B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivomultiplicativa.
- B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras.
- B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes.
- B2.38. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado.
- B2.39. Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100.
- B2.40. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
- B2.41. Cálculo de tantos por cen en situacións reais.

B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.

B2.43. Utilización da calculadora.

B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá.

### **BLOQUE 3. MEDIDA**

B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

B3.2. Realización de medicións.

B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.

B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.

B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.

B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.

B3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.

B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.

B3.9. Equivalencias entre as medidas de capacidade e volume

B3.10. O sistema sesaxesimal.

B3.11. O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos.

B3.12. Resolución de problemas de medida.

### **BLOQUE 4. XEOMETRÍA**

B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias.

B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice.

B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos.

B4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.

B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.

B4.6. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.

B4.7. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos.

B4.8. Concavidade e convexidade de figuras planas.

B4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.

B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.

B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.

## **BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE**

B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.

B5.2. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas.

B5.3. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.

B5.4. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.

B5.5. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.

B5.6. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.

B5.7. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS.**

B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.

B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.

B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.

B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.

B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.

B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.

## **BLOQUE 2. NÚMEROS**

B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).

B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.

B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.

B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).

B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.

B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.

B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.

B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

## **BLOQUE 3. MEDIDA**

B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.



### B3.2. Operar con diferentes medidas

B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.

B3.5. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.

B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

## **BLOQUE 4. XEOMETRÍA**

B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.

B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.

B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.

B4.4. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.

B4.5. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.

B4.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

## **BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE**

B5.1. Recoller e rexistrar información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.

B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.

B5.3. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.

B5.4. Observar e constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición

B5.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

## **ESTÁNDARES DE APRENDISAXE**

### **BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

MTB1.1.1. predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.

MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.

MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.

MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.

MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.

MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.

MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.

MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.

### **BLOQUE 2. NÚMEROS**

MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.

MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.

MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.

MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.

MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.

MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.

MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións

MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.

MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.

MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.

MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.

MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.

MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.

MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.

MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.

MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.

MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.

MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.

MTGB2.8.1 Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).

MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.

MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.

MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd.

MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.

MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.

MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.

MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.

MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

### **BLOQUE 3. MEDIDA**

MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.

MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.

MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.

MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.

MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.

MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.

MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.

MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

#### **BLOQUE 4. XEOMETRÍA**

MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.

MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...

MTB4.1.3. Describe posicións e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros...

MTB4.1.4. Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.

MTB4.1.5. Identifica en situacións moi sinxelas a simetría do tipo axial e especular.

MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.

MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.

MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.

MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.

MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.

MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.

MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).

MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.

## **BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE**

MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.

MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.

MTB5.2.2. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.

MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.

MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.

MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.

MTB5.4.1. Realiza conxecturas e estimacións sobre algún xogos (moedas, dados, cartas, loterías...)

MTB5.5.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.

MTB5.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.

# PLÁSTICA

## CONTIDOS

### BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo.

B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.

B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes.

B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías.

B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual.

B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.

B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.

B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.

B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.

B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.

B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).

B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.

B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe.

### BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.

B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.

B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).

B2.4. Análise das formas de representación de volume.

B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais.

B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos

B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas.

B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos.

B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.

B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas.

B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados.

B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística

B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade.

B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas).

B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido.

### **BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO.**

B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.

B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.

B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas.



B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.

B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.

B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

### **BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL**

B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.

B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.

B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.

### **BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA.**

B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.

B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.

B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.

B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.

B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.

### **BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO.**

B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.

B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente

## **ESTÁNDARES DE APRENDISAXE.**

### **BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL.**

EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo

EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.

EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica

EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.

EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo

EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos

EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).

EPB1.2.2. Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía

EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.

EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial

EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.

EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.

EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.

EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.

EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..

## **BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA.**

EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.

EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).

EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.

EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.

EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.

EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.

EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.

EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.

EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).

EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.

EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.

EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.

EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.

EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.

EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade

EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas

EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións

EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.

EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.

EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas)

EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.

EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.

EPB2.5.3. Amona interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira

EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.

### **BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO.**

EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.

EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.

EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.

EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.

EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.

EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.

EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.

EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.

EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.

EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.

EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.

EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.

EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.

EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.

EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.

EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.

## **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS CONTIDOS**

### **BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA**

B1.1. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.

B1.2. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.

B1.3. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. A automotivación

B1.4. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade en si mesmo e en si mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. Tolerancia á frustración.

B1.5. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. Causas e consecuencias das acción propias. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.

B1.6. A iniciativa. O emprendemento. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social.

B1.7. Busca e elaboración de información por diversas fontes.

## **BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS**

B2.1. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar e argumentar.

B2.2. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.

B2.3. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.

B2.4. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.

B2.5. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.

B2.6. Os estereotipos. As consecuencias dos prexuízos. Desenvolvemento de actitudes de solidariedade ante problemas e necesidades das persoas máis desfavorecidas.

B2.7. Identificación, axuizamento crítico e rexeitamento das situacións de marxinación, discriminación e inxustiza social.

B2.8. Creación de textos, empregando a linguaxe verbal e non verbal, para comunicar en diferentes soportes as conclusións de investigacións realizadas sobre situacións do seu contorno.

**BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS**

- B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.
- B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión.
- B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.
- B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.
- B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.
- B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.
- B3.7. O altruísmo. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situación de marxinação, de discriminación e de inxustiza social. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.
- B3.8. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado.
- B3.9. Conceptualización do dilema moral. Resolución de dilemas morais.
- B3.10. Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.
- B3.11. Formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.

B3.12. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. Análise destes feitos.

B3.13. Dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e de opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.

B3.14. Sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios.

B3.15. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.

B3.16 Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.

B3.17. Principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española

B3.18. Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos servizos públicos: contribución da cidadanía a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social.

B3.19 Fontes de enerxía renovables e non renovables. Identificación das actitudes e estratexias individuais e colectivas de consumo enerxético responsable.

B3.20. Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida. Reflexión sobre as posibilidades de cambio.

B3.21. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións

B3.22. Realización e interpretación de gráficos sinxelos.

B3.23. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.

B3.24. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.

B3.25. Os primeiros auxilios.

B3.26. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade e dos contidos que se presentan no contorno dixital para desenvolver a capacidade crítica.



B3.27. O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable.

B3.28. A publicidade e as súas técnicas. Influencia nos hábitos de consumo.

B3.29. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusión

B3.30. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico.

B3.31. Comunicación da información elaborada por diferentes medios

B3.32. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA**

B1.1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.

B1.2. Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.

B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.

B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.

B1.5. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.

B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.

### **BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS**

B2.1. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.

B2.2. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.

B2.3. Empregar a aserción.

B2.4. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.

B2.5. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.

B2.6. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.

### **BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS**

B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.

B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.

B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.

B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.

B3.5. Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.

B3.6. Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos.

B3.7. Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.

B3.8. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.

B3.9. Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese.

B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.

B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os dereitos e

deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organizacións e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.

B3.12. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de autonomía e da Constitución española.

B3.13. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e aos bens comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos.

B3.15 . Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.

B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.

B3.17. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.

B3.18. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.

## **ESTÁNDARES DE APRENDISAXE**

### **BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA**

VSCB1.1.1. Explica o valor da respectabilidade e da dignidade persoal.

VSCB1.1.2. Actúa de forma respectable e digna.

VSCB1.1.3 Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoos de manifesto asertivamente.

VSCB1.2.1. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.

VSCB1.2.2. Describe o valor da reestruturación cognitiva e a resiliencia.

VSCB1.2.3 Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.

VSCB1.2.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.

VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.

VSCB1.3.2. Explica razóns para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.

VSCB1.3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas

VSCB1.4.1.Propón alternativas á resolución de problemas sociais.

VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.

VSCB1.5.1. Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.

VSCB1.5.2. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.

VSCB1.6.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais

VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas.

VSCB1.6.3. Razona a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.

## **BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS.**

VSCB2.1.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que se oue. B2.2. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.

VSCB2.1.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.

VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.

VSCB2.2.1. Comparte sentimentos durante o diálogo.

VSCB2.2.2. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.

VSCB2.3.1. Emprega a linguaxe positiva.

VSCB2.3.2. Autoafírmase con respecto.

VSCB2.4.1. Infírmase e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais

VSCB2.4.2. utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación, parafraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos.

VSCB2.5.1. Interacciona con empatía.

VSCB2.5.2. Sabe contribuír á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.

VSCB2.6.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.

VSCB2.6.2. Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.

VSCB2.6.3. Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.

## **BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS**

VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.

VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.

VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.

VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.

VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.

VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.

VSCB3.3.1. Explica o concepto de norma.

VSCB3.3.2. Infere a necesidade das normas da súa comunidade educativa.

VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas do colexio.

VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.

VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.

VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.

VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.

VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.

VSCB3.5.1. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometido.

VSCB3.5.2. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.

VSCB3.6.1. Realiza xuízos morais de situacións escolares.

VSCB3.6.2. Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.

VSCB3.7.1. Expresa o que é un dilema moral.

VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais.

VSCB3.7.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.

VSCB3.7.4. Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.

VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...

VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade.

VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.

VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión.

VSCB3.9.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.

VSCB3.9.3. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.

VSCB3.9.4. Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.

VSCB3.10.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

VSCB3.11.1. Axuíza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.

VSCB3.11.2. Razona a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.

VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.

VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.

VSCB3.12.3. Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.

VSCB3.13.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade.

VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.

VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.

VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.

VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.

VSCB3.14.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.

VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.

VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.

VSCB3.15.2. Coñece as prácticas de primeiros auxilios.

VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.

VSCB3.16.2. Analiza e enxuiza criticamente os contidos do contorno dixital.

VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.

VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos

VSCB3.17.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.

VSCB3.18.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.

VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.

VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.

## 5.- ACTIVIDADES.-.

### LINGUA CASTELÁ

- Lectura individual e colectiva.
- Comprensión lectora.
- Redacción de distintos tipos de textos: entrevistas, diarios, poesía,...
- Textos nos que apliquen as normas ortográficas do nivel. Ditados.
- Análise sintáctico e morfolóxico de oracións.
- Análise de verbos: modo, tempo e persoa.
- Realización de esquemas e resúmenes.
- Fichas de vocabulario: distintos tipos de palabras, derivadas, compostas,...
- Métrica: cómputo e tipos de estrofas.
- Textos para utilizar os signos de puntuación.
- Clasificación dos distintos tipos de oracións atendendo á actitude do falante.
- As propostas polo libro de texto.

### LINGUA GALEGA

- Lectura individual e colectiva.
- Comprensión lectora.
- Redacción de distintos tipos de textos: entrevistas, diarios, poesía,...
- Textos nos que apliquen as normas ortográficas do nivel. Ditados.
- Análise sintáctico e morfolóxico de oracións.
- Análise de verbos: modo, tempo e persoa.
- Realización de esquemas e resúmenes.
- Fichas de vocabulario: distintos tipos de palabras, derivadas, compostas,...
- Métrica: cómputo e tipos de estrofas.
- Textos para utilizar os signos de puntuación.

- Clasificación dos distintos tipos de oracións atendendo á actitude do falante.
- As propostas polo libro de texto.

## **MATEMÁTICAS.**

- Lectura, escritura, interpretación, ordenación e operacións con números naturais, enteiros, decimais, potencias e fraccións
- Xeometría.
- Medidas.
- Gráficos.
- Solución de problemas.
- Cálculo mental.
- De reforzo.
- De ampliación.

## **6.- TEMPORALIZACIÓN.-**

segundo as diferentes áreas seguirase os seguintes pasos.

### **LENGUA CASTELLANA**

#### **Primer trimestre:**

Tema1: ¡Píntame un retrato!. Narración. Reglas de acentuación, el nombre, los diccionarios, géneros literarios y anuncios.

Tema 2: Doña tres. Diptongos, triptongos y hiatos, determinantes, sinónimos, antónimos y recursos literarios.

Tema 3: Julio verne. Aventura. Tilde diacrítico, grados del adjetivo, polisémicas, homónimas, parónimas y documentales.

Tema 4: Fama poética. Poesía, compuestas, interrogativas, exclamativas, pronombres, derivadas, lenguaje no verbal y teatro.

#### **Segundo trimestre:**

Tema 5: esto es Troya. Teatro. Signos de puntuación, el verbo, derivadas, la descripción, la leyenda y el cuento popular y trabajar esquemas.

Tema 6: Nuestro pequeño mundo. Signos de puntuación, el verbo, diminutivos, aumentativos y despectivos, el informe, la biografía y la autobiografía.

Tema 7: ¿Por qué la nieve es blanca? Signos de puntuación, el adverbio, campo semántico, familia de palabras, el texto instructivo, el teatro y el teatro.

Tema 8: Jardín de versos para niños. Palabras con **B** o **V** , preposiciones, conjunciones, formación de nombres y adjetivos, la entrevista y el poema.



### Tercer trimestre:

Tema 9: Sueños. Palabras con **g** y con **j**, el sujeto y el predicado, formación y definición de verbos, escenas teatrales y crear un cómic.

Tema 10: La jirafa. Palabras con **ll, y, s x**, complementos del verbo, sentido propio, figurado, frases hechas, el reportaje y hacer un reportaje.

Tema 11: Jasón y los argonautas. Palabras con **z, c, d, h**, clases de oraciones, extranjerismos, el debate, escribir una noticia.

Tema 12: Poesía cotidiana. Las palabras homófonas con **b, v; ll, y; h y sin h**. Las lenguas de España, siglas, acrónimos, abreviaturas, la literatura y la prensa escrita.

## LINGUA GALEGA

### Primer trimestre

Tema 1: A chave do mundo. Os dicionarios, as linguas, o seseo e a gheada, o xénero literario e os topónimos.

Tema 2: A illa do tesouro. Os sinónimos, os antónimos, os sustantivos, as regras de acentuación, as cantigas, a métrica, a rima.

Tema 3: Traballo en equipo. No ximnasio, as polisémicas, as homónimas, os determinantes, as estrofas.

Tema 4: O profesor de música. Os campos semánticos, os adxectivos, o acento diacrítico, recursos poéticos.

### Segundo trimestre

Tema 5: O xenio e o vermiño. As frases feitas, os pronomes persoais e a súa colocación cos verbos, o punto e coma, o xénero narrativo, crear un cómic.

Tema 6: A loba branca. Os diminutivos, aumentativos, os despectivos, os demais pronomes, outros signos de puntuación, a biografía.

Tema 7: Vai polo mar. As palabras primitivas, derivadas, compostas, os verbos, os comiñas, as parénteses, o estilo directo, os personaxes.

Tema 8: Vén polo vento. As familias léxicas, a voz pasiva e activa, as palabras con b e v, o estilo indirecto, o espazo e o tempo.

### Terceiro trimestre

Tema 9: Na casa da tía Perfecta. As siglas e as abreviaturas, as preposicións e conxuncións, os grupos consonánticos, o xornal os temas da literatura.

Tema 10: Escrito na auga. Os neoloxismos e os estranxerismos, clases de oracións, o suxeito, o predicado, as palabras con **z**, **zz** e **s**, cartas.

Tema 11: escrito na auga. Os tipos de predicado, as palabras con **-cia/-za** e **-cio/-zo**, análise dunha noticia, os teatros.

Tema 12: última estación. Os castelanismos, os complementos dos verbos, as palabras con **ex-** e **es-**, a reportaxe e o monólogo teatral.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

### Primer trimestre: O estudo da xeografía

Tema 1: O relevo de Europa e España.

Tema 2: As augas e os climas de Europa e España.

Tema 3: A actividade económica.

### Segundo trimestre:

Tema 4: A poboación e as actividades económicas de Europa e España.

Tema 5: O impacto humano no medioambiente.

### Terceiro trimestre: O estudo da historia.

Tema 6: A idea contemporánea: España no século XIX.

Tema 7: A idea contemporánea: España no século XX e XXI..

Tema 8: España e a Unión Europea.

## **CIENCIAS DA NATUREZA**

### Primeiro trimestre. O ser humano.

Tema 1: A nutrición I. Os aparellos dixestivo e respiratorio.

Tema 2: A nutrición II. Os aparellos circulatorio e excretor.

Tema 3 : A reprodución.

### Segundo trimestre. Os seres vivos.

Tema 4:A organización dos seres vivos.

Tema 5: A clasificación dos seres vivos.

Tema 6: Os fungos e outros reinos.

### Terceiro trimestre. Materia e enerxía.

Tema 7:a enerxía e o cambio da materia.

Tema 8: A electricidade e o magnetismo.

## **MATEMÁTICAS**

Primeiro trimestre:

Unidade 1. Números naturais. Operacións.

Unidade 2. Potencias e raíz cadrada.

Unidade 3. Números enteiros.

Unidade 4. Divisibilidad.

Unidade 5 Fraccións. Operacións.

Segundo trimestre:

Unidade 6. Números decimais. Operacións.

Unidade 7. División de números decimais.

Unidade 8. Proporcionalidade e porcentaxes.

Unidade 9. Medida.

Unidade 10. Volume.

Terceiro trimestre:

Unidade 11. Áreas e volumes.

Unidade 12. Estatística e probabilidade.

## **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

Primeiro trimestre:

Tema 1. Somos positivos.

Tema 2. Sabemos controlarnos.

Tema 3. Superamos as dificultades.

Tema 4. Actuamos con decisión.

Tema 5. Respondemos das nosas decisións.

Tema 6. A ética e as decisións morais.

Segundo trimestre:

Tema 7. Transmitimos emocións e pensamentos.

Tema 8. Buscamos solucións xuntos.

Tema 9. Axúdamonos uns aos outros.

Tema 10. Valoramos diferenzas.

Tema 11. Exisimos dereitos e cumprimos obrigas.

Tema 12 Recoñecemos os dereitos dos mais débiles.

Terceiro trimestre:

Tema 13. Vivimos xuntos.

Tema 14. Levámonos ben.

Tema 15. Contribuímos ao ben común.

Tema 16. Actúo moralmente.

Tema 17. Somos prudentes nas redes.

## **7 - AVALIACIÓN.-**

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e ónde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

En calquera caso, sempre é bo ter presente que debe ser a avaliación e cales as súas funcións, os seus obxectivos e as súas modalidades máis adecuadas.

### **7.1.- Instrumentos de avaliación.-**

Para a avaliación terase en conta o traballo diario, a participación, as actividades realizadas diariamente, as fichas de reforzo e ampliación, a colaboración do traballo en grupo, as probas orais e escritas, a comprensión oral e a expresión. Todo isto adaptado as necesidades do grupo clase.

Ao comenzo do curso farase unha avaliación inicial ca axuda de fichas para saber os coñecementos adquiridos do alumnado e desta maneira ter unha base de inicio.

### **7.2.- Criterios de corrección.-**

.-A hora de correxir terase en conta as actividades ben feitas e rematadas, a boa presentación ,a limpeza tanto na libreta, no libro de ortografía, como nas fichas de reforzo e ampliación, así como a participación na aula, a atención prestada e a boa letra e claridade dos distintos traballos, así como a súa presentación nas datas sinaladas.

.- Nos textos escritos valorarase o contido, o vocabulario, os signos de puntuación, a ortografía e, por suposto, a presentación.

### **7.3.- Procedementos de avaliación.-**

Será continua, global, e terase en conta o alumnado con necesidades especiais así coma as necesidades do grupo clase. Farase a través das actividades propostas no libro de texto, as preparadas pola profesora e os cadernillos de ortografía, as fichas de reforzo, se son necesarias, as tarefas rematadas e a comprensión oral e escrita e a expresión dos distintos temas tratados ao longo do curso. Tamén terase en conta a aprendizaxe de tipos de estrofas, distintos xéneros literarios, verbos regulares e irregulares e a realización de esquemas e resúmenes.

Para avaliar teranse en conta os seguintes criterios de cualificación para o sexto curso de primaria:

- Probas escritas: ponderarase cun 50% (nas probas escritas terase en conta a presentación e adecuación aos contidos).
- Presentación libreta: ponderarase cun 10% ( igualmente a ter en conta presentación, orde e limpeza).
- Traballos realizados e participación na aula: 20%.
- Comportamento: 20%.

## **8.- MÍNIMOS ESIXIBLES.-**

### **LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA.**

- Ler con fluidez e ter boa comprensión lectora. Escribir correctamente, sen faltas de ortografía.
- Coñecer os nomes e a súa clasificación, xénero e número.
- Saber os verbos: conxugacións verbais, modos, tempos.
- Diferenciar os distintos tipos de determinantes.
- Coñecer os adxectivos, pronomes, adverbios, conxuncións e preposicións.
- Diferenciar os distintos xéneros literarios.
- Realizar o cómputo silábico e saber a rima e os distintos tipos de estrofas.
- Coñecer o vocabulario propio do seu nivel e os distintos tipos de palabras.
- Facer esquemas e resumos.
- Escribir textos narrativos, diálogos, entrevistas, teatro, redaccións utilizando correctamente os signos de puntuación.
- Recoñecer os distintos tipos de oracións segundo a actitude do falante.
- Analizar oracións: suxeito, predicado e complementos.
- Utilizar o dicionario, en distintos soportes (internet, papel), e coñecer os distintos tipos de dicionarios e as súas partes.

## **MATEMÁTICAS.**

Mínimos esixibles de matemáticas de 6º:

- Desenvolve e aplica estratexias de razoamento para resolver problemas e reflexiona sobre eles.
- Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.
- Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.
- Opera con números coñecendo a xerarquía das operacións.
- Le, interpreta, escribe e ordena números (naturais, enteiros, fraccións e decimais ata as milésimas).
- Realiza operacións con fraccións do mesmo e de distinto denominador (suma, resta, multiplicación, división, obtención de fraccións equivalentes...)
- Realiza operacións con números decimais e redondea.
- Usa a regra de tres en situación de proporcionalidade directa.
- Calcula tantos por cen en situacións reais.
- Calcula todos os divisores de calquera número menos de 100.
- Calcula o mcm e o mcd.
- Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos.
- Mide con instrumentos elixindo a unidade axeitada.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.
- Compara, ordena medidas dunha mesma magnitude.
- Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.
- Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo e calcula o perímetro do primeiro e a área do segundo.
- Recoñecemento e clasificación de corpos xeométricos e os seus elementos.
- Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados.
- Identificación de poliedros.
- Identifica e recolle datos cualitativos e cuantitativos e utilízalos para construír táboas e calcular a media aritmética.
- Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade.

## **9.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL-**

Ao longo do primeiro mes do curso, realízanse os protocolos de avaliación inicial co obxecto de determinar:

- As competencias do alumnado nesta área.
- Hábitos de traballo.
- Relacións persoais.
- Comportamento.
- Rendemento escolar.

## **10.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

-Para aqueles alumnos/as que precisen recuperación ou reforzo, existe material complementario: fichas, libros de actividades do mesmo tipo e doutras editoriais así como traballo preparado pola profesora.

Estas actividades están en concordancia cos mínimos esixibles e os contidos propios da materia.

## **11.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.-**

a.- Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

b.- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

c.- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

d.- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

e.- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

f.- Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

g.- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

h.- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## **12.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.-**

- Libro de texto Lengua y Literatura 6º editorial Anaya.
- Caderniños ortografía La Calesa.
- Pizarra dixital.
- Lecturas complementarias.
- Libros de lectura da biblioteca escolar.
- Prensa.
- Fichas elaboradas pola profesora.

## **13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.-**

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Segundo o Preámbulo da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación, a adecuada resposta educativa a todo o alumnado se concibe a partir do principio de INCLUSIÓN, entendendo que únicamente dese xeito se garantiza o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio de actividades de reforzo



e de axuda individualizada desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construídas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

- Reforzar os contidos vistos nas unidades coas fichas de reforzo.
- Se é necesario a intervención dunha profesora de P.T. ou A.L.

#### **14.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.-**

- Segundo o artigo 4º.4 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os centros docentes incluírán no seu proxecto educativo a educación en valores:
- Educación moral e cívica: É o eixo referencial en torno ao cal artículase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.
- Educación para a paz: mediante a creación de actividades que estimulen o diálogo o como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos: A constitución española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Con todo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.
- Educación ambiental : os alumnos deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.
- Educación para a saúde e calidade de vida: na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- Educación para o lecer: Debemos ofrecer a o alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.
- Educación do consumidor: É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- Educación viaria: O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

Estes valores traballaranse ao longo das diferentes áreas e durante todo o curso.

Utilizaranse situacións cotiás para que o alumnado este moito máis relacionado co problema plantexado e que tome conciencia do seu contorno e das relacións con este.

#### **15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.-**

Durante todo o ano farase fincapé na lectura.

Traballarase a través de actividades de comprensión lectora, de escritura, de lecturas diarias de diferentes temas e soportes ( xornais, revistas, comics, pizarra dixital, libros de cociña, de ciencia; prosa, poesía, teatro; resultados de enquisas e interpretación de gráficos) así coma unha lectura silenciosa, lectura en voz alta feita polos alumnos, a profesora, durante a hora de ler, e por suposto dedicándolle unha hora a semana a biblioteca, onde farase o intercambio de libros para ler.

#### **16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.-**

As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) están a adquirir unha relevancia cada vez maior na nosa sociedade. Avanzan a pasos axigantados, polo que cómpre estar constantemente actualizándose para non quedar atrás. A escola ten que ter en conta, ten que preparar ao alumnado no seu manexo e incrementar a capacidade de utilizalas partindo de todas as áreas curriculares.

Traballaremos tendo en conta as novas tecnoloxías en todas áreas, xa que contamos cun ordenador por alumno/a e unha pizarra dixital a través da cal poderán ver, por exemplo, lecturas animadas.

#### **17.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.-**

Colaboraremos na revisión do plan de convivencia e a súa implementación. O obxecto prioritario deste curso é acadar un clima positivo nas aulas para mellorar a convivencia no centro empregando métodos de resolución pacífica de conflitos e medidas correctoras de carácter educativo e recuperador.

Neste curso os nenos e nenas irán aprendendo a convivir uns cos outros ao longo do ano. A convivencia é diaria xa que pasan moitas horas xuntos e terán que respectarse, cooperar, axudarse e aprender a coidar do seu material coma dos demais.

Faranse actividades na clase para que poñan en práctica ese respecto e convivencia.

#### **18.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.-**

Un recurso que deben ter en conta as e os profesionais da Educación, sexa cal sexa a súa especialidade é a biblioteca.

Pensando en combinala co uso das TIC, pode servir para afianzar contidos de todas as áreas. Tanto a biblioteca da aula como a do centro escolar facilitarán e proporcionarán a busca de información, o manexo de fontes bibliográficas, a consulta de diversos documentos e, o que é moi importante, a adquisición de hábitos habituais de lectura, favorecendo con esta medida a dedicación dun tempo diario a ela.

#### **19.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.-**

Organizar e coordinar as actividades encamiñadas ás celebracións de datas conmemorativas como:

- O Samaín.
- O Magosto.
- Semana da Tradición Oral.
- Día dos Dereitos do Neno.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Día da muller traballadora.
- O Nadal, festival e xantar de convivencia.
- Día da Paz e non Violencia Escolar.
- O Entroido: xoves de compadres, de comadres e festa do Entroido.
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Semana da Prensa.
- Día do Libro.
- Día Mundial da Saúde.
- Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas. Día Mundial do Medio Ambiente.
- Festa fin de curso.
- Viaxe fin de etapa para sexto de primaria.

Todas estas actividades terán como eixe director o proxecto interdisciplinar “ A muller a través do tempo”, no que participará todo o profesorado e alumnado do centro.

## **20.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.-**

Ao finalizar o curso, o mestre debe reflexionar acerca das seguintes cuestións:

- Logrei os meus obxectivos?
- Que grao de motivación observei nas actividades realizadas polos alumnos/as?
- Cales foron as actividades máis eficaces e por qué?
- Qué relación houbo entre o alumnado e o mestre e entre o propio alumnado?
- Cales foron as causas dos conflitos surxidos nas miñas clases ?

Respondendo a estas cuestións, poderemos planificar mellor a programación do seguinte ano co obxectivo de mellorar a nosa práctica docente e os resultados do noso alumnado.

### Temas transversais:

Comprensión lectora, expresión oral, expresión escrita, comunicación audiovisual, TIC, emprendemento, educación cívica, valores (igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación), seguridade viaria.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO			
<b>CURSO</b>	CEIP PLURILINGÜE MONFORTE DE LEMOS 2021-2022		
<b>NIVEL</b>	6º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Educación Musical (EM)

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándares</b>	<b>Grao mínimo para superar a área</b> Indicador mínimo de logro	<b>T 1</b>	<b>T 2</b>	<b>T 3</b>	<b>CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN</b> Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	<b>C.C.</b>
<b>Bloque 1: Escoita</b>							
EM-B1.1	6º-EMB1.1.1 - Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCEC CCL CAA
EM-B1.2	6º-EMB1.2.1 - Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%	7.69%		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CAA CCL

	unha valoración destas.						
EM-B1.2	6º-EMB1.2.2 - Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	Acadar un SI no instrumento		7.69%		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSIEE CAA CCEC
EM-B1.3	6º-EMB1.3.1 - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%	7.69%		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CCEC
EM-B1.3	6º-EMB1.3.2 - Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	Acadar un SI no instrumento	7.69%	7.69%	7.14%	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CCEC
EM-B2.1	6º-EMB2.1.1 - Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreálas.	Acadar o nivel 2 no instrumento		7.69%		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCEC CAA CCL
<b>Bloque 2: Interpretación musical</b>							
EM-B2.2	6º-EMB2.2.1 - Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CAA
EM-B2.2	6º-EMB2.2.2 - Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%	7.69%	7.14%	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.3 - Traduce á	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CCEC

	linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.					alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	
EM-B2.2	6º-EMB2.2.4 - Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%	7.69%	7.14%	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CAA CCEC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.5 - Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%	7.69%	7.14%	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CAA CCEC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.6 - Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	Acadar un SI no instrumento	7.69%	7.69%	7.14%	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.7 - Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
EM-B2.3	6º-EMB2.3.1 - Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	Acadar un SI no instrumento			7.14%	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC CAA CD
EM-B2.3	6º-EMB2.3.2 - Presenta e	Acadar un SI no instrumento			7.14%	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CAA CD

	expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.					INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL
EM-B2.3	6º-EMB2.3.3 - Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	Acadar un SI no instrumento		7.69%		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CD CCEC
<b>Bloque 3: A música o movemento e a danza</b>							
EM-B3.1	6º-EMB3.1.1 - Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	Acadar o nivel 2 no instrumento		7.14%		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CAA CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.2 - Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Acadar o nivel 2 no instrumento		7.14%		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.3 - Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	Acadar o nivel 2 no instrumento		7.69%		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.4 - Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.	Acadar o nivel 2 no instrumento		7.14%		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CSC CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.5 - Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma	Acadar o nivel 2 no instrumento		7.14%		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CCEC

	interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.						
EM-B3.1	6º-EMB3.1.6 - Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	Acadar un SI no instrumento			7.14%	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA
EM-B3.1	6º-EMB3.1.7 - Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.	Acadar un SI no instrumento	7.69%	7.69%	7.14%	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA CSC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.8 - Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	Acadar o nivel 2 no instrumento	7.69%	7.69%	7.14%	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC

\* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

## **1. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.**

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.

Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír



a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais.

O desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave.

Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real.

Na medida das posibilidades empregaranse recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas.

Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

## **2. Procedemento para a avaliación inicial.**

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos. A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

### 3. Procedemento de avaliación continua.

Como se desprende dos instrumentos de avaliación que se mostran na programación do curso, a avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente

a observación das realizacións do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través da análise das súas producións, do seu caderno de clase...

Tamén se empregarán rúbricas, listas de observación e de verificación para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula.

Durante o curso se realizarán 3 avaliacións correspondentes aos tres trimestres do ano académico, nas que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro. Nas sesións de avaliación se tomarán medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos/as que non acaden un desempeño axeitado.

### 4. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				

Cando comezamos unha actividade nova os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes				
Propoño metodoloxías diversas				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase:

Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)		%
	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
	Gran grupo	
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		
Dou pautas de actuación ás familias para que traballen na casa consonte a metodoloxía seguida na clase.		

## 5. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o

profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais.

Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

<b>Aspectos da revisión, avaliación e modificación da programación</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados				
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa				
Medidas de atención á diversidade: Contempláronse medidas para alumnado con neae				
Medidas de atención á diversidade: Fixéronse ACs no caso de estar autorizada				
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura				

Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino					
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.					
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado					
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe.					
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Os estándares imprescindibles están identificados					

Hai información de abonda ás familias e ao alumnado de estándares imprescindibles, criterios de cualificación				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas				
Coordinación entre o equipo didáctico				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas				
Tratamento preciso dos temas transversais				
Actividades extraescolares e complementarias				

## 6. Adaptacións personalizadas da programación á realidade derivada pola pandemia Covid-19

- Partirase o ensino da música tendo en conta os informes individualizados do alumnado feitos a finais do curso pasado adaptando o ensino á súa realidade.
- Faranse avaliacións iniciais de contidos adquiridos no curso pasado para detectar as dificultades

neste novo curso.

- No posible caso de ensino non presencial empregárase a PLATAFORMA EVA-EDIXGAL para impartir as clases sen detrimento do emprego doutras ferramentas telemáticas (aula virtual do centro, videoconferencias, webs dinámicas, correo electrónico, espazo abalar ...)

## Índice:

Normativa2

Introducción e contextualización2

Obxectivos5

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación7

Accións para acadar os obxectivos7

Bloques Temáticos7

Contidos transversais7

Competencia Clave8

Competencias clave. Temas transversais. Estándares de aprendizaxe. Rúbricas. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.14

Distribución trimestral das Unidades Didácticas. Obxectivos, contidos e temporalización.15

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.0

Metodoloxía didáctica. Estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave..0

Orientacións Metodolóxicas:0

Plan de adecuación da secuenciación de contidos en sistema non presencial.0

Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.0

Secuenciación habitual do traballo na aula2

Materiais e recursos didácticos.3

Avaliación4

Procedementos para a avaliación inicial4

Procedementos de avaliación continua e final4

Procedementos e instrumentos para a avaliación4

Criterios de cualificación6

Indicadores de avaliación6

Recuperación6

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.8

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica9

Atención a diversidade10

Accións de contribución aos proxectos do centro (TICS, Proxecto Lector, Proxecto Lingüístico e Plan de Convivencia)10

Incorporación e consolidación das tic.10

Accións de contribución ao proxecto lector do centro10

Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro10

Accións de contribución ao plan de convivencia do centro.11

Actividades complementarias e extraescolares<sup>12</sup>

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados e procesos de mellora<sup>14</sup>

Periodicidade con que se revisará a programación didáctica<sup>14</sup>

Indicadores de avaliación da programación<sup>14</sup>

Medidas para informar a familias e alumnado<sup>15</sup>



# ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA (6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)

## Normativa

A presente programación foi elaborada por M<sup>a</sup> Sol Sánchez para ser levada a cabo no 6º Nivel de Educación Primaria no CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos, seguindo os seguintes documentos:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.* Atendendo a este decreto “as concrecións curriculares para os distintos bloques de disciplinas, recollidas nos anexos I, II e III, constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada área. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliáveis, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para acadalos.”
- *Resolución de 11 de febreiro de 2015 da Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial,* pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria. (BOE 24/02/2015)
- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21 (versión 22-07-2020)

Nota: En **vermello** medidas e aspectos relacionados coa adaptación da programación a situación actual marcada polo covid-19 en consonancia co protocolo de adaptación do 22-07-2020.

## Introducción e contextualización

A materia de relixión ten unha especial importancia dentro da educación para que o alumnado poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade.

A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e, por tanto, unha educación de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida.

O ensino da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes para alargar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal for a súa manifestación concreta.

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición. Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, promóvese o recoñecemento dun sentido da existencia dunha maneira coherente co propio desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado.

Parte da experiencia humana desenvólvese de maneira respectuosa coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

Estrutúrase en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faio nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuirán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélico, centro do terceiro bloque e eixo vertebrador da materia. Por último, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar que o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá.

Estes catro bloques que compón a materia de relixión católica inclúen conceptos, procedementos (observación da realidade, procura de información, reflexión crítica, exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas) e actitudes (coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo e esforzo e de responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece de maneira directa a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das diferentes culturas, así como das diferenzas entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación). Polo tanto permite o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta expón. É por iso que os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para esta etapa.

Por outra banda, debido ao problema sanitario polo que estamos a pasar (Covid19) e o protocolo escolar polo que debemos rexernos, a inclusión da **educación en valores** que se establece no Decreto 105/2014 de 4 de setembro e, sempre inherente a esta materia, vese reforzada, especialmente no referente á *Educación para saúde e a calidade de vida*, que neste momento nos obriga a modificar o modo de comunicarnos e de relacionarnos. Un cambio nas formas pero non na esencia marcada pola solidariedade, o amor e o respecto aos demais que nos esixe día a día actuar “con sentidiño” en pro da saúde propia e allea, do dereito a vida dos máis vulnerables,.. e dun modo de vida de seminormalidade lonxe do confinamento vivido.

Polo tanto, este ano máis que nunca, debe estar presente a educación en valores:

- **Educación moral e cívica:** É o eixo referencial en torno ao cal artículase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.
- **Educación para a paz:** mediante a creación de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** A constitución española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Con todo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.
- **Educación ambiental:** o alumnado deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.
- **Educación para a saúde e a calidade de vida:** na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- **Educación para o lecer:** Debemos ofrecer ao alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.
- **Educación do consumidor:** É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- **Educación viaria:** O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

A nivel **metodolóxico** dicir que: neste contexto que nos obriga a manter unha distancia de seguridade, non compartir material escolar ou persoal, a desinfección continua de material, estancias, mans, etc. obríganos a mudar o xeito de traballar na aula, cambiando os traballos grupais polos individuais, e a participación en proxectos de centro, eventos, efemérides, etc. este ano escasas e nas que a participación será a nivel de grupo de convivencia ou online cando se desexe que sexa colectiva.

Tampouco será posible facer murais colectivos nin expolos nos corredores. Os traballos de investigación, experimentación e manuais serán individuais e a súa difusión e posta en común deberá ser online.

## Obxectivos

### Educación Primaria, **obxectivos básicos a nivel competencial e transversal:**

- A. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.(CCEC)
- B. Desenvolar hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, intres e creatividade no aprendizaxe, e espírito emprendedor. (CAA, CSIEE)
- C. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con antinomia no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. (CSC, CSIEE)
- D. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade. (CSC)
- E. Coñecer e utilizar de maneira adecuada a lingua castelá e galega e desenvolver os hábitos de lectura. (CCL)
- F. Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e coidado do mesmo. (CMCT, CSC, CCEC)
- G. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e a comunicación desenrolando un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. (CD)
- H. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. (CCEC)
- I. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectando as diferenzas. (CMCT, CD, CCEC)
- J. Valorar os animais e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. (CMCT)
- K. Desenvolar capacidades afectivas contrarias a calquera tipo de violencia e a prexuízos de calquera tipo (sexista, relixiosos, etc.). (CSC, CSIEE)
- L. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. (CSC, CSIEE)

### Relixión Católica, **obxectivos básicos a nivel competencial e transversal:**

- a) Contribuír ao desenvolvemento pleno e integral da personalidade do alumnado, e a maduración da súa persoa (CSC, CSIEE, CAA)
- b) Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural relixioso como expresión da fe católica. (CCL, CCEC)
- c) Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa. (CCL,CCEC)
- d) Coñecer e manexar a Biblia de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus (CCEC, CCL , CAA)
- e) Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai. (CAA,CSC)
- f) Valorar o amor de Deus e a súa acción salvífica a través do seu Fillo Xesús e da Igrexa, Corpo de Cristo.( Sentido transcendente)
- g) Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo (CCL, CAA, CSC)
- h) Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida o fundamento para un estilo de vida cristiá. (CSC, Sentido transcendente)

- i) Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores (CSC, Sentido transcendente).

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

### Accións para acadar os obxectivos

- actividades lúdicas de formación (lectura comprensiva, realización de mapas conceptuais e esquemas, actividades de expresión oral e artística, etc encamiñadas a acadar os contidos recollidos no currículo, nun marco saudable de convivencia e desenvolvemento persoal que fomente a colaboración cos máis necesitados e o respecto e a tolerancia cara as diferenzas individuais debidas a distintos factores sociais, étnicos, culturais. limitacións persoais, sexo, relixión ... así como a utilización dunha linguaxe non discriminatoria e pacifista; fomentando a cortesía e rexeitando vocabulario mal soante.
- actividades de vídeo lectura e audiovisuais.
- actividades de investigación no entorno, en internet e/ou en formato papel (biblioteca escolar, biblioteca persoal e outros medios –biblioteca pública, oficina de información, concello, xornais, etc-).
- visitas guiadas polo noso entorno paisaxístico, relixioso e cultural e a monumentos e museos a través da rede; fomentando a formación, o respecto e a convivencia.

### Bloques Temáticos

O desenvolvemento do currículo estruturase en catro grandes **bloques temáticos** que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos:

- Bloque 1: Sentido relixioso do home
- Bloque 2: A revelación: Deus intervén na historia
- Bloque 3: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación
- Bloque 4: Permanencia de Xesucristo na historia da Igrexa

Estes catro bloques inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permiten o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta presenta. Por elo os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Nas diferentes unidades afrontaranse os contidos curriculares dende catro ou cinco campos: os contidos relixiosos, os relatos bíblicos, os valores humanos e cristiáns encarnados en persoas destacadas, as manifestacións artísticas e a observación ou investigación do seu entorno.

### Contidos transversais

En cumprimento do establecido no currículo, traballarase en relixión ao igual que en todas as demais áreas: comunicación audiovisual, as TIC, emprendemento e educación cívica e constitucional. Ademais serán valores a igualdade entre homes e mulleres, a prevención e resolución pacífica de conflitos, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, a actividade física e a dieta equilibrada e a educación e seguridade viaria.

A integración dos temas ou contidos transversais nas nosas programacións didácticas é unha consecución da identidade mesma da nosa área. Non se trata de materias engadidas senón de coñecementos, prácticas, actitudes que forman parte necesaria do desenvolvemento da nosa área e que con levan a mellorar as relacións interpersoais baseando a solución de conflitos no diálogo, o perdón e a misericordia.

<b>CONTIDOS TRANSVERSAIS</b>	
COMPRESIÓN LECTORA	En todas as seccións inclúense actividades que facilitan a comprensión dos contidos propostos.
EXPRESIÓN ORAL	Nas láminas iniciais establecece un diálogo mediante as preguntas que de propoñen, así como noutros momentos.
EXPRESIÓN ESCRITA	A maioría das actividades inclúen e potencia o desenvolvemento da expresión escrita. Podendo realizalas no caderno ou en medios informáticos (PC, encerado dixital, tablet...)
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Todas as unidades didácticas están apoiados con actividades audiovisuais (informativa, interactivas...)
TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN	Na maioría das unidades propóñense actividades interactivas.
ESPÍRITU EMPRENDEDOR	En certas actividades fomentase a iniciativa creativa.
EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL	En todas as unidades inclúense actividades nas que se desenvola a educación cívica e constitucional.
IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES	Ao longo do curso, como norma xeral, todas as actividades contribúen a desenvolver a igualdade entre homes e mullers.
PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	Propóñense actividades cooperativas para desenvolver habilidades sociais básicas que preveñan a non aparición de conflitos
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E MEDIO AMBIENTE	En cumprimento do mandato divino de “coidar a terra” ao longo do curso fomentase unha actitude básica ecolóxica, de respecto e posta en valor a importancia e o coidado do medio ambiente.

### Competencia Clave

A ensinanza da relixión católica como materia integrada no currículo do alumnado contribúe tamén, de maneira importante, na adquisición das competencias clave do currículo.

Os catro bloques que compoñen a materia de relixión católica inclúen conceptos, procedementos e actitudes que permiten o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta plánte. Por elo, os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento de estas. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeramos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos no alumnado a aplicación de coñecementos mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de maneira global en cada unidade didáctica sería inabarcable polo que descompondemos nos indicadores e descritores de cada competencia e en cada unidade



concretaranse o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de maneira explícita na unidade, será concreto e obxectivo e indicaranos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores mais afíns a esta área.

**Competencia en comunicación lingüística (CCL):** O currículo desta materia apoia-se en elementos cristiáns presentes no entorno próximo do alumnado, nas imaxes e símbolos, na linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenrolase así a competencia en comunicación lingüística en tanto que se serve da linguaxe que conforma a cultura e a tradición que se transmite de xeración en xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristiá, axudará ao desenrolo desta competencia no alumnado.

Por outra banda tamén desde esta materia contribúese a utilización dos diversos modos de comunicación: a escoita, a exposición de contidos e ideas, a argumentación, o diálogo, etc. intentando dotar ao alumnado de ferramentas co fin de que chegue a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. A súa vez, apoia e dá sentido as habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia. Esta área posibilítanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

**Competencia dixital (CD):** nesta área posibilitaremos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e que cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

**Competencias sociais e cívicas (CSC):** desde esta áreas favorecese o desenrolo da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da cooperación, do respecto, da non violencia, da liberdade, da xustiza e da caridade.

**Conciencia de expresións culturais (CCEC):** esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida ... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural desde o momento que aporta significado e valoración crítica de tantas obras do noso entorno, motivando o aprecio pola propia cultura e a estima adecuada de outras tradicións culturais e relixiosas.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** é fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.



**Aprender a aprender (CAA):** na área de relixión esta competencia pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</b>  <b>(CMCT)</b>	Coidado do entorno medioambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interactuar co entorno natural de maneira respectuosa.</li> <li>• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolto sostible.</li> <li>• Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu entorno.</li> <li>• Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no entorno natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolto e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>• Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado do mesmo.</li> </ul>
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>• Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.</li> <li>• Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre noso ao redor.</li> </ul>
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.</li> <li>• Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.</li> </ul>
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.</li> <li>• Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.</li> <li>• Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.</li> </ul>
<b>Competencia en comunicación lingüística.</b>  <b>(CCL)</b>	Comprensión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido dos textos escritos.</li> <li>• Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...</li> <li>• Gozar da lectura.</li> </ul>
	Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara calquera tipo de información.</li> <li>• Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.</li> <li>• Compoñer distintos tipos de textos con creatividade e sentido literario.</li> </ul>
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>• Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.</li> <li>• Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>• Producir textos escritos de diversa complexidade para empregar en situacións cotiás ou en áreas distintas.</li> </ul>
<b>Competencia dixital (CD)</b>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>• Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa finalidade.</li> <li>• Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>• Comprender as mensaxes que chegan dos medios de comunicación.</li> </ul>
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>• Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>• Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>
<b>Conciencia de expresións culturais (CCEC)</b>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amosar respecto polas obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.</li> <li>• Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>• Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul>
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.</li> <li>• Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá.</li> <li>• Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>
<b>Competencias sociais e cívicas (CSC)</b>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> <li>• Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada <i>Constitución Española</i>.</li> </ul>
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenrolar a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>• Amosar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>• Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>• Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>• Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>• Involucrarse ou promover accións con un fin social.</li> </ul>

<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</b>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>• Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>• Ser constante no traballo superando as dificultades.</li> <li>• Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>• Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar os obxectivos.</li> <li>• Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.</li> </ul>
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.</li> <li>• Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>• Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.</li> </ul>
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>• Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover novas accións</li> <li>• Asumir riscos no desenrolo das tarefas ou dos proxectos.</li> <li>• Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>
<b>Aprender a aprender (CAA)</b>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>• Desenrolar as distintas intelixencias múltiples.</li> <li>• Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>• Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>• Desenrolar estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</li> </ul>
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións en función dos resultados intermedios.</li> <li>• Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>• Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>

**Competencias clave. Temas transversais. Estándares de aprendizaxe. Rúbricas. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.**

<b>COMPETENCIAS CLAVE:</b>			<b>TEMAS TRANSVERSAIS:</b>
<b>CCL-</b> Competencia Lingüística <b>CD-</b> Competencia Dixital <b>CSC-</b> Competencias Sociais e Cívicas <b>CCEC-</b> Conciencia e Expresións Culturais <b>CAA-</b> Aprender a Aprender <b>CSIEE-</b> Sentido de iniciativa e espírito emprendedor <b>CMCCT-</b> Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía			<b>CL-</b> Comprensión lectora. <b>EOE-</b> Expresión oral e escrita. <b>CA-</b> Comunicación audiovisual. <b>TIC-</b> Tecnoloxías da Información e comunicación. <b>EMP-</b> Emprendemento. <b>EC-</b> Educación cívica e <b>V-</b> Valores (igualdade, equidade...) <b>SV-</b> Seguridade viaria. <b>PV</b> – Prevención da violencia.
<b>Valoración do nivel competencial:</b> Insuficiente, En proceso, Satisfactorio e Excelente.			
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</b>			<b>RUBRICAS</b>
Ponderación asignada aos Estándares <b>Básicos</b> <b>50%</b>	Ponderación asignada aos Estándares <b>Intermedios</b> <b>40%</b>	Ponderación asignada aos Estándares <b>Avanzados</b> <b>10%</b>	1. Nunca (5) 2. As veces (10) 3. Moitas veces (15) 4. Sempre (20)
<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>			<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>
<b>EO-</b> Escala de Observación. <b>DCL-</b> Diario de Clase	<b>EOE-</b> Expresión Oral e Escrita. <b>IM-</b> Interese pola Materia.	<b>Probas e traballos</b> □ valórase: contido, presentación e expresión. <b>EO</b> □ valórase: comportamento, actitude e socialización (tr.grupo).	<b>Probas e Traballos:</b> 60% <b>Control do caderno:</b> 30% <b>Actitude</b> (comportamento, participación, interese, atención, etc.): 10%

## Distribución trimestral das Unidades Didácticas. Obxectivos, contidos e temporalización.

Tr.	UD.	OBXECTIVOS	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
1º	1ª. Deus	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar a coñecer aos alumnos o relato bíblico da Creación.</li> <li>• Valorar a perfección de todo o que Deus creou</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A Biblia e a orixe da vida.</li> <li>• O misterio da vida.</li> <li>• O punto de vista</li> </ul>	6 sesións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 sesións de exposición de contido.</li> </ul>
	2ª. Nacido	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer o relato bíblico da creación do home.</li> <li>• Valorar a importancia de que o home foi creado a imaxe e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O ser humano creado por Deus.</li> <li>• O ser humano nacido libre</li> </ul>	6 sesións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 sesións de exposición de contido.</li> </ul>
2º	3ª. A revelaci	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer Israel como o pobo elixido.</li> <li>• Coñecer personaxes que tiveron contacto con Deus</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Israel, o pobo elixido.</li> <li>• Moisés e o pacto do Sinaí.</li> <li>• David, o rei poeta</li> </ul>	6 sesións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 sesións de exposición de contido.</li> </ul>
	4ª. Xesucristo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer a Xesús, o fillo de Deus, como home e como Deus.</li> <li>• Facer ver aos alumnos como Xesucristo nos ensina a Deus</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xesús, o fillo de Deus, como verdadeiro home e verdadeiro Deus.</li> </ul>	6 sesións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 sesións de exposición de contido.</li> </ul>

Tr.	UD.	OBXECTIVOS	CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN
3º	5ª. Xesús envía os discípulos para continuar coa súa vida salvífica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar como a misión de Xesús continúa na Igrexa.</li> <li>• Comparar o pasado e o presente da Igrexa.</li> <li>• Coñecer a misión dos apóstolos e os textos dos evanxeos.</li> <li>• Analizar as diferentes accións de Xesús e da Igrexa.</li> <li>• Amosar aos alumnos o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A misión de Xesús continúa na Igrexa.</li> <li>• A Igrexa amósanos a Xesús.</li> <li>• Onte e hoxe da Igrexa.</li> <li>• Misión apostólica nas expresións de Xesús. Textos nos evanxeos.</li> <li>• Accións de Xesús e da Igrexa como resposta ás necesidades de hoxe en día. Institucións da Igrexa que axudan aos demais.</li> <li>• O mestre Mateo: o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.</li> </ul>	6 sesións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 sesións de exposición de contido.</li> <li>• 0.5 de actividades de reforzo.</li> <li>• 0.5 de ampliación.</li> <li>• 1 de avaliación</li> </ul>
	6ª- Permanencia de Xesús na historia: a Igrexa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer os sacramentos da Igrexa.</li> <li>• Ensinar aos alumnos a esperanza dun novo mundo a través das promesas do Señor.</li> <li>• Amosar as diferentes formas de encontrarse con Deus.</li> <li>• Analizar a resurrección de Xesús.</li> <li>• Observar a representación do Paraíso na arte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os sacramentos da Igrexa: Confirmación, Orde, Matrimonio.</li> <li>• A esperanza dun novo mundo. Promesas do Señor que ha de vir con gloria.</li> <li>• O encontro con Deus. A resurrección de Xesús.</li> <li>• Os cristiáns e a vida eterna. Testemuñas da resurrección.</li> <li>• O Paraíso no mundo da arte.</li> </ul>	6 sesións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 sesións de exposición de contido.</li> <li>• 0.5 de actividades de reforzo.</li> <li>• 0.5 de ampliación.</li> <li>• 1 de avaliación</li> </ul>

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.

OB	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			GRAO CONSECUCIÓN	CC	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INS. AV.	CRITERIOS CUALIFICACIÓN (%)	TP
			BÁSICOS	INTERMEDIOS	AVANZADOS						
A B D E G H - a b e f	<b>BLOQUE 1:</b> A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.  A plenitude do ser humano está na relación con Deus.	1. Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1 Identifica e xulga situacións nas que reconece a imposibilidade de ser feliz. (b)			Analiza causas e consecuencias que imposibilitan a felicidade	CSIEE CAA	Educación cívica. Emprendemento	EO	30	1º
		2. Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	2.1 Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais. (a)			Busca e obtén información a través de diferentes medios e é quen de analizala	CCL CCEC CSIEE	Tecnoloxías da Información e comunicación  Expresión Oral e Escrita.	EOE	20	1º
		3. Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana alcánzase na relación con Deus.	3.1 Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.(i)			Investiga e explica signos da relación do home coa Divindade	CSC CCEC	Tecnoloxías da Información e comunicación.  Comprensión lectora  Expresión oral e escrita.	DCL	20	1º
		4. Recoñecer que a relación con Deus fai á persoa máis humana.	4.1 Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz. (b)			É quen de buscar e organizar información sobre un tema de forma oral e escrita	CAA CSC CSIEE CD	TIC  Comprensión lectora  Expresión oral e escrita.	EO	30	1º



OB	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			GRAO CONSECUCIÓN	CC	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INS. AV.	CRITERIOS CUALIFICACIÓN (%)	TP
			BÁSICOS	INTERMEDIOS	AVANZADOS						
A B C D E F G H - d	<b>BLOQUE 2:</b>  O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus.  Os libros Sapienciais enriquecen á humanidade.	1. Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.	1.1 Identifica e valora expresións recolleitas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa. (b)			Valora e interpreta a influencia, as pegadas, dos antepasados.	CCL CSC	Comprensión lectora	EO	15	2º
			1.2 Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal. (a)			Identifica, valora e contrasta a influencia do pasado.	CCL CCEC CSIEE	TIC  Comprensión lectora	DCL	8	2º
			1.3 Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais. (i)			Usa vocabulario e formas axeitadas nas súas exposicións.	CAA CCL CSC	Educación cívica e Valores	EOE	10	2º
B E G H - a c d f g h i	<b>BLOQUE 3:</b>  Xesucristo, desvela ao Pai.  As tentacións de Xesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.  Xesús envía aos discípulos para continuar coa súa misión salvífica.	1. Distinguir que a través Xesús atopamos a Deus.	1.1 Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado. (b)			É quen de buscar e comprender no Ev. de Xoán frases sobre relación de Xesús co Pai.	CCL CSIEE	TIC  Comprensión lect.  Expresión oral e escrita.	EO	15	2º
			1.2 Identifica e sintetiza os aspectos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán. (b)			É quen de identificar e sintetizar un contido	CCL	TIC  Comprensión lect.  Expresión oral e escrita.	EO	12	2º
		. Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	2.1 Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ao Pai con situacións que viven os seres humanos. (i)			Amosa capacidade de comparación entre situacións de tpos distintos.	CSIEE CSIEE	Comprensión lectora	DCL	10	2º
			3.1 Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recolleitas nos evanxeos sinópticos. (b)			É quen de investigar e usar o vocabulario axeitado.	CSC CCL CAA	TIC  Comprensión lect.  Expresión oral e escrita.	EO EOE	20	3º

OB	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			GRAO CONSECUCIÓN	CC	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INS. AV.	CRITERIOS CUALIFICACIÓN (%)	TP
			BÁSICOS	INTERMEDIOS	AVANZADOS						
		3. Comprender que a misión de Xesús continua na Igrexa.	3.2 Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa. (i)			Amosa capacidade de investigación empregando estratexias de traballo en grupo	CAA CD	TIC  Comprensión lect.  Expresión oral e escrita.	DCL	20	3º

OB	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO CONSECUCIÓN	CC	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INS. AV.	CRITERIOS CUALIFICACIÓN (%)	TP
A B C E F G I K - a b c e f h i	<b>BLOQUE 4:</b> Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.  A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz.	1. Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	1.1 Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa. (i)	É quen de sintetizar e explicar contidos.	CCL CSC	Comprensión lect. Expresión oral e escrita.	EOE	10	3º
			1.2 Aprende e diferenza os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio. (b)	Recoñece os signos e momentos da Confirmación e Matrimonio	CSC CCEC	Comprensión lect. Expresión oral e escrita.	EO	30	3º
		2. Identificar os aspectos do tempo litúrxico da Pascua.	2.1 Sinala e explica os principais signos pascuais. (b)	Coñece os principais signos pascuais	CCL	Expresión oral e escrita. Comunicación Audiovisual	EO EOE	30	2º
			2.2 Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado. (i)	Coñece e emprega técnicas de composición conceptual	CSC CCEC	Comprensión lect. Expresión oral e escrita.	DCL	10	3º
		3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado.	3.1 Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado. (a)	É quen de traballar de xeito individual e en equipo	CCL CSC	Educación cívica	DCL	10	3º

Metodoloxía didáctica. Estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave..

### **Orientacións Metodolóxicas:**

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos expostos» (Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro).

Neste sentido a materia de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- Todos os aprendizaxes estarán orientados a formación integral do ser humano
- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.
- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.
- Combinar de maneira adecuada o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa. As actividades partirán de experiencias próximas ao noso alumnado, para progresivamente ir acadando novas aprendizaxes centradas nas experiencias posteriores.
- Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, polo súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.
- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dunha maneira instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas expostos na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético.
- Terá un carácter flexible e aberto, para poder introducir nela todos os cambios que sexan necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe, atendendo á diversidade e permita acadar os obxectivos didácticos e adquirir as competencias clave.

### **Plan de adecuación da secuenciación de contidos en sistema non presencial.**

Centrarémonos na consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos o que implicará a redución de contidos e unha maior coordinación coas familias. Non obstante, en función da resposta e adaptación do alumnado a esta situación valorarase a ampliación de estándares.

### **Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.**

No caso de ter que pasar á educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena, cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, manterase a actividade lectiva a través de Edixgal.

O alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática proporcionaráselle os contidos e actividades en offline.

A comunicación e coordinación coas familias levarase a cabo a través das medidas telemáticas propostas pola Consellería de Educación: Abalar móbil, Edixgal e a páxina web do centro escolar (blogs de aula/materia), en cumprimento da lei de protección de datos. Medidas que tamén se utilizarán preferentemente durante a educación presencial, en cumprimento do protocolo covid-19 para centros escolares, no que se recolle que se debe optar preferentemente pola utilización de medidas telemáticas e evitar reunións presenciais do persoal docente entre si e/ou do persoal docente con outras persoas da comunidade educativa.

No caso de que non sexa posible o uso das medidas telemáticas propostas habilitaranse outras fórmulas de comunicación como correo electrónico, foros ou vídeo chamadas para manter o contacto coas familias, proporcionar os contidos educativos e asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

<b>Ensino non presencial</b>	<b>Coordinación e contacto coas familias e o alumnado</b>	<b>Presentación de contidos e actividades</b>	<b>Seguimento da formación non presencial do alum.</b>
<b>Infantil</b>	-Abalar móbil -Correo electrónico.	-Páxina web do centro: Blog de relixión.	Correo electrónico
<b>1º e 2º Primaria</b>	-Abalar móbil -Correo electrónico.	-Páxina web do centro: Blog de relixión.	Correo electrónico
<b>3º e 4º Primaria</b>	-Abalar móbil -Correo electrónico. -Aula virtual do centro. -Reunións virtuais (Plataforma por determinar)	-Aula virtual do centro.	Aula virtual do centro
<b>5º e 6º Primaria</b>	-Abalar móbil -Correo electrónico. -Edixgal. -Reunións virtuais (Plataforma por determinar).	-Edixgal	Edixgal

## Secuenciación habitual do traballo na aula

Todas as **unidades didácticas**, aínda que cunha certa flexibilidade, manteñen unha estrutura clara e recoñecible:

- Punto de partida. Pártese de situacións que reflicten sentimentos e emocións, tratando de fomentar o descubrimento tanto do mundo interior do alumno como do entorno co rodea.
- Relato bíblico, lectura e posibilidade de traballalo con recursos audiovisuais para favorecer a comprensión do texto, así como realizando glosarios, actividades de plástica e estudando as diferentes manifestacións artísticas da biblia na arte.
- Información – Contidos relixiosos: contidos curriculares oficiais axustados a idade do alumnado.
- Valores humanos / cristiáns e emocións: vemos persoas que encarnan os valores traballados na unidade.
- Mapa conceptual, esquema ou resume do aprendido.
- Aprendemos máis, tratar de ampliar máis os contidos traballados na unidade mediante a lectura de textos literarios, a análise de obras de arte (contemplamos e valoramos), e a investigación mediante actividades lúdicas de investigación e elaboración de proxectos.

En canto ao traballo persoal do alumnado estará centrado en: resposta a preguntas, resolución de problemas e memorización comprensiva.

A hora de avaliar teranse en conta aspectos cognitivos e de actitude:

- Probas.
- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Traballo individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.
- Comportamento.

## **Materiais e recursos didácticos.**

### **Recursos didácticos:**

A editorial de referencia para este curso é Netex-Smart. Aínda que nalgunhas ocasións complementaremos con outros recursos existentes en Abalar, na aulaPlaneta ou en outros lugares.

Continuaremos usando a biblia online ([biblija.net](http://biblija.net), entre outras), o blog da biblioteca (<http://biblioforte.blogspot.com.es/>) para fomentar a lectoescritura ea investigación cultural dun xeito lúdico, biblioforte dixital, etc.

### **Materiais curriculares**

Os materiais curriculares utilizados son principalmente:

- Material audiovisual e informativo tales como pdi, ordenadores con conexión a internet, canón para proxectar na aula, audiovisuais (relatos bíblicos, cancións, valores, temas transversais), biblia dixital ([biblija.net](http://biblija.net)), etc. Estes materiais son necesarios para traballar todos os contidos relacionados coa competencia dixital e para abordar contidos curriculares que doutra maneira sería máis complicado e menos lúdica a súa transmisión.
- Material escrito tales como a Biblia (adaptada ou non), libros de consulta, material copiable, etc.
- Material diverso para talleres e traballos manuais: material de papelería, de reciclaxe, papel continuo, tesoiras, cola, cartolinas, pinturas, rotuladores, etc. Todo este material permitirá realizar diversas actividades e talleres na aula con motivo de festividades importantes (advento, Nadal, pascua, Pentecostes, etc.).

### **Materiais do alumno:**

O alumnado dispón dun ultrapórtatil tipo tablet PC e táctil que cumpre as funcións de ordenador portátil e lector de documentos.

Este portátil conectase por wifi a rede do centro e desde el pódese acceder a plataforma Edixgal e ao libro virtual do alumno tanto online ou offline.

Ademais o alumnado deberá dispoñer do seguinte material:

- Carpeta para clasificar o material curricular informativo impreso (contidos curriculares, historias bíblicas, etc) e fichas de actividades.
- Caderno de actividades e anotacións.
- Tarxeta Lectora - facilitada polo profesor.
- Caderno da familia – solicitado polo titor.
- Memoria USB (aconsellable)

## **Avaliación**

### **Procedementos para a avaliación inicial**

Ao inicio de curso farase un repaso xeral sobre o visto o curso anterior para tratar de incidir naqueles aspectos esquecidos ou recordados con dificultade.

Esta avaliación permitiranos descubrir as fortalezas e debilidades do grupo en canto a nivel de desenrolo de obxectivos curriculares e de aspectos competenciais así como necesidades particulares e actitudes.

Ao inicio de cada unidade didáctica farase un avaliación (tendo en conta os estándares) inicial dunha forma informal e lúdica para saber os coñecementos previos dos alumnos sobre o tema a tratar e que permitirá ao profesor fixar o punto de partida e poder facer un seguimento da evolución dos coñecementos. Na avaliación inicial non hai calificación.

### **Procedementos de avaliación continua e final**

Avaliación encamiñada a coñecer si se van logrando os obxectivos propostos. O seu carácter regulador, orientativo e auto-corrector do proceso educativo favorece a adopción das medidas necesarias que procedan de atención a diversidade, cando o alumnado non logre o progreso adecuado.

É fundamentalmente a observación das realizacións do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través das súas producións, do seu caderno de clase,...

Tamén se empregarán rúbricas, listas de observación e de verificación para valorar a actividade, que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula.

Durante o curso se realizarán 3 avaliacións correspondentes aos tres trimestres do ano académico, nas que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro. Nas sesións de avaliación tomaranse medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos que non acaden un desempeño axeitado.

### **Procedementos e instrumentos para a avaliación**

A observación continua e sistemática da evolución personalizada de cada alumna ou alumno constituirá a técnica básica de obtención de información. En función da estrutura da nosa concreción curricular, proponse o uso de rúbricas de avaliación para observar o grao de adquisición das competencias.

Os instrumentos de avaliación preferentemente empregados serán:

- Realización de probas específicas. Tanto orais como escritas e así avaliaremos os conceptos e os procedementos mediante os estándares de aprendizaxe a conseguir.
- Revisión de tarefas do alumnado. Realizarase mediante a análise do caderno de clase e dos traballos e fichas realizados para comprobar si realiza as tarefas, si corrixe erros, si se equivoca con frecuencia, caligrafía, ortografía...
- Autoavaliación. Permitiranos coñecer as propias valoracións do alumnado, ao tempo que nos permite reflexionar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe.



En caso de ter que recorrer ao ensino non presencial o instrumento de avaliación empregado será a revisión de tarefas aportadas por este a través do correo electrónico ou da aula virtual.

### Criterios de cualificación

Establécense tres criterios de cualificación:

CRITERIOS	PORCENTAJES
Probas de avaliación (conceptos)	60% (máximo 6 puntos sobre 10) Valorarase: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Corrección ortográfica □ (10%) = 1 punto.</li> <li>- Capacidade de síntese e razoamento □ (30%) = 3 puntos.</li> <li>- Capacidade de definición e explicación □ (20%) = 2 puntos.</li> </ul>
6º-EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	Presenta nos traballos que se lle requiren un mínimo de orde, estrutura e limpeza.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Investigacións
6º-EFB1.2.3 - Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	E quen de expresarse cun mínimo de corrección en diferentes situacións e cun mínimo de respecto ante as opinións dos demais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Participa minimamente nas actividades propostas e busca nelas unha maior competencia motriz.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
6º-EFB1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	Non presenta grandes dificultades á hora de resolver problemas motores.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.

6º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Ten minimamente incorporada na súa rutina o coidado e hixiene corporais.	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.
6º-EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Colabora habitualmente na organización e recollida do material nas clases.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.
6º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Admite formar parte do grupo que lle toca e tamén o resultado das competicións con deportividade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	Ten mínimamente adquiridas as normas de educación viaria nos contornos das actividades do colexio.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
<b>Bloque 2: O corpo: imaxe e percepción</b>					
6º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Normalmente respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os seus compañeiros.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	Valora positivamente a esixencia e o esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
<b>Bloque 3: Habilidades motrices</b>					
6º-EFB3.1.1 - Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	É quen de utilizar minimamente seus desprazamentos ás diferentes actividades e situacións na actividades deportiva. e artístico-expresiva axustándose a parámetros espazo-temporais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).
6º-EFB3.1.2 - Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Realiza minimamente saltos adaptados ao seu nivel e mantén adecuadamente os equilibrios posturais propios da actividade físico-deportiva e artístico-expresiva axustándose a parámetros espazo-temporais.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.
6º-EFB3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a	Ten as mínimas habilidades motrices de manipulación de obxectos nos diferentes contornos e actividades da clase, tanto			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.

diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	físico-deportivas coma artístico-expresivas				
6º-EFB3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	É quen de utilizar minimamente as habilidades motrices de xiro ás diferentes actividades e situacións nas actividades físico-deportiva e artístico-expresivas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>
6º-EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Mantén un mínimo de equilibrio en diferentes posicións e superficies.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>
6º-EFB3.1.6 - Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	Leva a cabo actividades físicas e xogos adaptando as habilidades motrices á realización das diferentes posibilidades de execución.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico</p>
<b>Bloque 4: Actividades físicas artístico expresivas</b>					
6º-EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	É quen de representar minimamente situacións, ideas, sentimentos tanto individualmente como en grupo.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>
6º-EFB4.1.2 - Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	É quen de reproducir corporalmente unha estrutura rítmica moi sinxela individualmente ou en grupo.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB4.1.3 - Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	É quen de levar a cabo pequenas coreografías básicas con pasos de baile sinxelos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>
6º-EFB4.1.4 - Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de	Desenvólvese minimamente na realización de composicións grupais interactuando cos compañeiros usando recursos corporais e partindo de estímulos musicais ou plásticos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>



estímulos musicais, plásticos ou verbais.					
6º-EFB4.2.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	É quen de distinguir a capacidade física básica usada na actividade física realizada.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB4.2.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	É quen de comprobar minimamente que traballar as capacidades físicas mellora as habilidades motrices.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
<b>Bloque 5: Actividade física e saúde</b>					
6º-EFB5.1.1 - Interésase por mellorar as capacidades físicas.	Amosa un mínimo de interés en mellorar as súas capacidades físicas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	É consciente que uns bos hábitos alimenticios son básicos para unha boa actividade física.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB5.1.3 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.	É consciente que a práctica deportiva é boa para a saúde.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB5.1.4 - Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	Recoñece minimamente a importancia dos axeitados hábitos posturais para a vida e práctica deportiva.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	Ten integrado o quencemento de xeito autónomo e sistemático.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB5.2.1 - Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Percibe que a mellora das capacidades físicas aumenta a súa saúde.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>
6º-EFB5.2.2 - Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	Dase conta perfectamente que a máis esforzo aumentan a frecuencia cardíaca e respiratoria.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>

6º-EFB5.2.3 - Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	Percibe que debe adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB5.2.4 - Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	Dase conta do seu nivel respecto a súa idade nos resultados obtidos nas probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas.	X		X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB5.3.1 - Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	Manifesta e recoñece minimamente as lesións e enfermidades deportivas máis comúns na nosa práctica deportiva e os primeiros auxilios básicos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
<b>Bloque 6: Os xogos e actividades deportivas</b>					
6º-EFB6.1.1 - Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	Resolve minimamente situación motrices diferentes, individual ou colectivamente.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.
6º-EFB6.1.2 - Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	É quen de combinar habilidades motrices básicas para actividades de clase.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.
6º-EFB6.2.1 - Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	Sabe diferenciar basicamente as diferenzas entre xogos populares, deportes colectivos, individuais e actividades da natureza.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB6.2.2 - Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	Coñece algún xogo tradicional de Galicia e recoñece o seu valor e importancia.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB6.2.3 - Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	Realiza cun mínimo de destreza algún xogo tradicional de Galicia seguindo as regras básicas do mesmo.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común. Rexistro anecdótico
6º-EFB6.3.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	Sabe minimamente que capacidade física básica está implicada nun exercicio concreto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para	É quen de recoñecer minimamente a importancia das capacidades físicas para	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.

a mellora das habilidades motrices.	mellorar as habilidades motrices.				INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB6.3.3 - Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Identifica minimamente estratexias de cooperación e de oposición en xogos e deportes individuais e colectivos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB6.3.4 - Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	É quen de explicar minimamente con termos do aparello locomotor, que desenvolve na área da natureza, o exercicio relizado.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB6.4.1 - Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural	Ten un mínimo de conciencia medio ambiental na eliminación dos residuos que xeramos nas actividades no medio natural,			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
6º-EFB6.4.2 - Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Respecta a fauna e flora cando estamos nun espazo natural ou no propio centro.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS:

## 4.-Actividades

As actividades son a maneira activa e ordenada de levar a cabo as experiencias de aprendizaxe.

Nas sesións as actividades aparecerán secuenciadas do seguinte xeito:

- De animación: para activar ao alumnado ante o traballo que se vai desenvolver
- De logro de obxectivos: para traballar os contidos e acadar os obxectivos previstos
- De volta á calma: para devolver o corpo á situación anterior ao inicio da sesión

**O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos/as e procurando a súa limpeza e desinfección despois do uso e a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara no ximnasio e no polideportivo pechado con ventilación reducida.**

## 7.- Temporalización

Nº	TITULO DA UD	Temporalización	Nº SESIÓNS
1	Xogos de presentación	Setembro	4
2	Condición física I.	Setembro-Outubro	6
3	Condición física II.	Outubro-Novembro	6
4	Hixiene e saúde	Novembro	6
5	Deportes adaptados: balonmán	Novembro-décembro	8
6	Ritmo e expresión corporal	Xaneiro	6
7	Coordinacións	Xaneiro – Febreiro	6
8	Deportes adaptados: voleibol	Febreiro - Marzo	6
9	Xogos de golpes	Marzo	6
10	Xogos populares e tradicionais.	Abril	6
11		Maio	4
12	Deportes adaptados: béisbol	Maio	2
13	Expresión corporal.	Maio - Xuño	

**\* Mentres a situación sanitaria derivada do COVID non varíe, os contidos das UD de deportes sociomotores se desenvolverán mediante actividades preferentemente individuais priorizando aspectos técnicos e/ou teóricos.**

## **5.-Mínimos esixibles para o logro das competencias clave**

### **Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar correctamente a linguaxe como ferramenta de comunicación oral
- Empregar o diálogo para solucionar os conflitos que xorden en clase
- Comprender as explicacións que recibe do mestre e dos compañeiros/as
- Utilizar a linguaxe para comunicarse cos compañeiro/as durante o xogo colectivo
- Respetar as opinión dos demais, non interromper e pedir a palabra

### **Competencia matemática**

- Apreciar correctamente as distancias e traxectorias nas habilidades manipulativas
- Utilizar correctamente o espazo e dominar cuestión de dispersión e agrupamento
- Ter un desenvolvemento perceptivo adecuado á súa idade
- Levar a cabo medidas de coidado do corpo
- Utilizar a actividade física como medio para mellorar a saúde e a calidade de vida

### **Competencia dixital**

- Valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo rexeitando os estereotipos
- Seleccionar e diferenciar a información importante da que non o é
- Amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora...)

### **Competencia social e cidadá**

- Colaborar cos compañeiros nas actividades grupais
- Asumir os diferentes papeis dentro do equipo e respectar as normas do xogo
- Compartir o éxito e o fracaso en grupo
- Entender e respectar a importancia do xogo limpo
- Evitar a rexeitar a discriminación por razón de xénero, raza, sociais, crenzas...

### **Competencia cultural e artística**

- Apreciar a parte artística de certas execucións motrices
- Respetar as diferentes culturas e pensamentos

### **Competencia para aprender a aprender**

- Buscar a colaboración dos compañeiros para solucionar problemas cooperativos

### **Autonomía e Iniciativa persoal**

- Ter un adecuado desenvolvemento do esquema corporal e aceptar o seu corpo
- Presentar unha autoestima positiva
- Amosar interese e predisposición por realizar as actividades propostas na clase

## **6.-Procedementos de avaliación**

Tras unha avaliación inicial utilizaremos a avaliación continua para valorar o rendemento do alumnado. Para elo faremos uso de probas obxectivas referidas a medición do progreso das distintas capacidades físicas. Tamén se valorará o traballo día a día nas clases de educación Física.

A avaliación ten como obxectivo valorar e medir o grado de desenrolo do alumnado. Sérvenos como dato de referencia que reflexa a aprendizaxe. Ten que ser que ser por un lado subxectiva, que depende do xuízo do mestre. Polo outro, obxectiva dado que resulta da aplicacións de procedementos, instrumentos, test, etc. Desta maneira resulta unha avaliación xusta e acertada xa que o rendemento do alumnado con cifras (tempos, distancias, medidas, etc.), visto baixo o xuízo de quen coñece aos alumnos: o profesor. Este observará persoalmente os aspectos como asistencia, interese, colaboración, compañeirismo...

Ao principio de cada curso escolar realizarase unha avaliación inicial que permita coñecer a madurez dos nenos/as en todos os aspectos. Ao longo do curso, unha avaliación continua, mediante probas periódicas, que materialice a situación dese momento e, si resulta necesario, introducir modificacións. Ao terminar o curso, unha avaliación final, que conxuntamente coas anteriores realizadas testemuñe o nivel alcanzado polo alumnado.

Non hai que esquecer a autoavaliación e autocrítica do propio alumno/a sobre aquilo que se está a realizar.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB). Considerarase negativa o insuficiente e positivas as restantes.

**O porcentaxe en que se valora este sistema de cualificación é o seguinte:**

**40%: Traballo e esforzo na clase de Educación Física**

**30%: Actitudes motrices propias da Educación Física**

**20%: Disciplina e respecto polos valores propios da Educación**

**10%: Implicación do alumnado con actividades relacionadas co deporte e coa actividade física**

## **7.-Instrumentos de avaliación**

En canto aos instrumentos de avaliación, utilizaremos fundamentalmente técnicas cualitativas, entre as que destacamos:

- **Rexistro anecdótico:** consiste nun caderno no que o mestre/a anota todo o que considere relevante do que acontece ao longo das sesións.
- **Lista de control:** consiste nunha táboa na que se marcan unha serie de ítems e o mestre anota SI ou NON conforme o alumno/a realiza correctamente o indicado en cada ítem.
- **Escala:** tamén consiste nunha táboa na que se marcan uns ítems, pero en lugar de valorar a realización ou non realización do ítem, márcase unha escala numérica (por exemplo de 1 a 5) e o mestre/a realiza unha valoración en función do observado.

Ademais dos mencionados, utilizaremos unha ficha de avaliación diaria, na que figurará o nome de cada un dos alumnos/as e, mediante unha serie de ítems elaborados polo profesor, iremos marcando diariamente o seu traballo diario. Nestes ítems, reflectiremos condutas tanto positivas (colaborar cos compañeiros/as, esforzarse nas actividades, respectar o material, manter hábitos saudables, respectar as normas...) como negativas (non aceptar o rol que lle corresponde, inactividade nas sesións, desprezo polo material, mal comportamento...).

## **8.-Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

Podemos atender aos seguintes aspectos a valorar, nunha avaliación inicial de Educación Física:

- **Valorar o grao de coñecemento que o neno/a posúe do seu corpo, en relación aos seus diferentes segmentos e zonas corporais**

- Indagar sobre os xogos coñecidos e practicados polo alumnado
- Valorar o grao de desenvolvemento da lateralidade
- Coñecer os diferentes entornos que coñecen para a práctica lúdico motora
- Valorar o grao de desenvolvemento das cualidades perceptivo motrices (coordinación e equilibrio) así como o nivel de desenvolvemento das habilidades motrices básicas
- Valorar se o neno se implica na participación de xogos e actividades
- Coñecer os coñecementos previos acerca de hábitos saudables relacionados coa actividade física: hixiene, postura, alimentación, seguridade e descanso
- Valorar se o neno coñece normas para manter o seu corpo nun óptimo estado de saúde
- Observar a capacidade expresiva do neno a través do seu corpo e movemento.
- Indagar sobre que é para eles a Educación Física e que esperan conseguir nas clases
- Coñecer normas ou pautas básicas de comportamento para o área de Educación Física, en relación aos compañeiros, ao material, á realización de actividades, á resolución dialogada de conflitos, etc.
- Observar o nivel de socialización do alumnado, respecto as opinións dos demais, respecto aos tornos de palabra, respecto ás normas, etc.
- Apreciar o grao de coñecemento das súas posibilidades e limitacións propias

## **9.-Actividades de recuperación e reforzos para lograr a dita recuperación**

Na Educación Primaria o alumnado, pola súa idade, soe amosar interese pola materia. As actividades de reforzo irán encamiñadas a mellorar as capacidades físicas do alumnado que de xeito innato teñan menos desenvolvidas, facendo fincapé:

-Favorecer que os alumnos desenvolvan as mesmas capacidades dos obxectivos xerais da etapa seguindo camiños diferentes.

-Seguir un modelo aberto e flexible de elaboración do currículo que permita realizar adaptacións que flexibilicen as condicións do proceso de ensino para posibilitar a aprendizaxe de cada alumno.

-Organizar os recursos persoais e materiais dirixidos aos alumnos con necesidades educativas.



-Adaptarse ás características específicas dos alumnos do centro. Froito da observación sistemática, podemos prever, en determinados alumnos, comportamentos que sexan consecuencia do contorno socio-económico da zona na que se sitúe o centro.

## 10.-Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía fai referencia a como ensinar. Son os procedementos que pon en práctica o docente para transmitir a información ou crear situacións de aprendizaxe. Antes de escoller unha ou outra metodoloxía, hai que ter en conta varios aspectos que inflúen sobre ela, escollendo deste xeito a estratexia de ensino/aprendizaxe máis adecuada para cada situación. Algúns destes aspectos son: o contexto no que se encontra enmarcado o centro, alumnado sobre o que vamos a impartir a nosa labor docente, obxectivos que queremos conseguir, contidos a tratar, material do que dispoñemos, instalacións, número de alumnos e alumnas ,etc.

Dende unha perspectiva democrática, aberta e flexible da ensinanza, non se pode falar dun método ideal senón que éste débese escoller en función do contexto sobre o que se actúa. A pesar de todo, existen unha serie de pautas metodolóxicas que deben impregnar en todo momento a nosa práctica docente. Entre elas destacamos a necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumnado á hora de elaborar a nosa programación, a importancia da interdisciplinabilidade, da intradisciplinabilidade, da educación en valores á hora de abordar contidos, etc. Todo isto baixo un enfoque globalizador e buscando unha aprendizaxe significativa.

Utilizarse o **xogo** como recurso metodolóxico en todas as sesións (como mínimo na animación e na volta á calma), se ben se recorrerá igualmente a diversos estilos de ensino

Respecto ao xogo, poderíase definir segundo Cagigal como unha acción libre, espontánea, desinteresada e intransigente, que xorde da vida habitual, efectúase nunha limitación espacial e temporal, conforme a unas determinadas regras, establecidas ou improvisadas, e o elemento informativo do cal é a tensión. A súa utilización é recomendable en toda a Educación Primaria,

Os nenos e nenas de 6º curso de Educación Primaria comezaron cedo a explorar o seu mundo próximo e, cada vez máis, ábrese camiño á exploración e coñecemento do mundo exterior que o rodea. Por esta razón son recomendables os estilos de ensino que plantexen situación de ensino que obrigan aos nenos/as a buscar solución, a resolver problemas motrices a través da indagación e investigación. Na nosa programación utilizaremos ensinanzas que faciliten a participación do alumnado, que respecten a individualización da ensinanza sobre todo que favorezan a adquisición da aprendizaxe significativa. Así empregaremos en moitos casos estilos de ensino mediante a búsqueda (descubrimiento guiado e resolución de problemas), aínda que tamén faremos uso nalgunha ocasión concreta de estilos máis directivistas como o mando directo ou a asignación de tarefas.

- **MANDO DIRECTO:** Baseado no estímulo-resposta. As súas características básicas son a disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono. O docente establece os obxectivos, orde, cantidade de execución-actividade, calidade... e observa as accións do alumnado. Utilizarse o mando directo sobre todo en actividades que poden ser perigosas pola súa natureza. Onde nos interese manter un certo control sobre o alumnado.

- **ASIGNACIÓN DE TAREFAS:** O alumno actúa, realiza a tarefa, de acordo á súa propia vontade. Facíltanse as tarefas e non se obriga ao alumnado. Unha vez explicado o que hai que facer, o alumna é independente á hora de elixir, finalizar a tarefa, número de repeticións ou tempo a adicar.
- **DESCUBRIMENTO GUIADO:** Proponse unha tarefa para que o alumno descubra. O profesor guía a consecución dos obxectivos, pero nunca dá a solución. O mestre dará pistas, e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Se hai varias respostas posibles, darase un indicio para que o alumnado se decida por unha.
- **RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS:** Formúlanse problemas nos que hai varias solución. Trabállase, igual que no estilo anterior, a disonancia cognitiva. O grao de liberdade e participación individual é case completo. O alumno móvase polo descubrimento de “novas” solucións.

Algúns principios básicos que se terán en conta ao longo das sesións son os seguintes:

- **REFORZO POSITIVO:** É importante que os alumnos e alumnas estean motivados. Debe crearse un ambiente de confianza no que se sintan seguros.
- **PROGRESIÓN:** Hai que seguir unha progresión de exercicios, é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.
- **INTENSIDADE:** Os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.
- **TRANSFERENCIA:** Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.
- **INTERESES:** Os exercicios formulados deben estar de acordo cos intereses e necesidades do alumnado, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- **INDIVIDUALIZACIÓN:** Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais. Cada un “é como é”.
- **PARTICIPACIÓN:** Non haberá aprendizaxe se o neno/a non participa activamente.

Ademais, o docente non debe esquecer as seguintes **pautas de actuación:**

- Prepararase sempre a clase para evitar rutina e improvisación.
- Daranse explicacións breves, claras e concretas.
- Crearase un clima de atención.
- Cando se necesite, faranse demostracións de exercicios.
- Utilizarase un vocabulario axeitado segundo o nivel do alumnado.
- Durante as explicacións e demostracións, colocarase en lugares visibles para que os alumnos o escoiten e vexan sen dificultade.

**No caso de ter que pasar a unha modalidade de ensino a distancia, empregaremos a plataforma EVA-EDIXGAL para continuar desenvolvendo os contidos da materia.**

## **11.-Materiais, recursos didácticos e organización de espazos.**

Os recursos materiais cos que contamos para desenvolver as nosas sesións de educación física variados e polo xeral se atopan en bo estado. Podemos citar algúns como: balóns de voleibol, valas altas, combas, pelotas de plástico, raquetas de bádminton, conos chinos, sacos, bolos, mesa de ping pong, bloques de espuma, indiacas, conos, balóns de fútbol, diabólos, sticks de hoquei, zancos altos, palas, bolas de hóckey, aros de distintos tamaños, raquetas de ping pong, colchonetas, volantes, fresbee, balóns de baloncesto, balóns de balonmán...

En canto as instalacións, contamos con:

- Pista polideportiva cuberta de 40mx20m
- Ximnasio cuberto de 18mx9m con espadeiras, espello e con material de psicomotricidade
- Zona exterior de xogos

O alumnado deberá traer tamén unha botella de agua, unha toalla de man, e un bote de xel hidroalcolico. Cando a intensidade das actividades o requira, se lle permitirá beber ao alumnado, para o que deberá colocarse na súa zona marcada previamente.

A situación xerada polo covid-19 obriga a que o alumnado ocupe sempre o mesmo lugar tanto no ximnasio como no pavillón; en función do lugar onde estea sentado na aula habitual para minimizar os contactos entre distintos compañeiros/as.

**O material que sexa compartido, debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.**

**Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.**

**O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente o uso da máscara nos ximnacios ou polideportivos pechados con ventilación reducida**

## **12.-Medidas de atención á diversidade**

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Segundo o Preámbulo da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación, a adecuada resposta educativa a todo o alumnado se concibe a partir do principio de INCLUSIÓN, entendendo que unicamente dese xeito se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas.

Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

## 13.-Programación da educación en valores

Segundo o Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os centros docentes incluírán no seu proxecto educativo a educación en valores:

- **Educación moral e cívica:** É o eixo referencial en torno ao cal artículase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.
- **Educación para a paz:** mediante a creación de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** A constitución española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Con todo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.
- **Educación ambiental:** os alumnos deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.
- **Educación para a saúde e calidade de vida:** na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- **Educación para o lecer:** Debemos ofrecer ao alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.
- **Educación do consumidor:** É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- **Educación vial:** O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

## 14.-Accións de contribución ao proxecto lector

Debido ás características da área de Educación Física, e ao pouco tempo semanal de que dispoñemos no horario dos nenos, non propoñemos actividades de lectura dentro do noso horario, posto que preferimos adicar as dúas horas semanais que temos de docencia para realizar actividades eminentemente físicas no pavillón e no ximnasio.

Sen embargo, consideramos de grande importancia colaborar na adquisición de hábitos de lectura nos nosos alumnos/as, e somos conscientes de que ese traballo debe realizar coa colaboración de todo o profesorado do centro.

O traballo que realizaremos dende o área de Educación Física, relacionado co proxecto lector será basicamente motivacional, animando aos nenos/as que lean acerca de temas relacionados coa área de educación física: noticias de xornais, temas de actualidade deportiva, lectura das instrucións dalgúns xogos ou actividades e aportacións a aula de libros de xogos/deportes que poden servir de posterior consulta por parte dos alumnado.

## **15.-Accións de contribución ao plan TIC**

As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) están a adquirir unha relevancia cada vez maior na nosa sociedade. Avanzan a pasos axigantados, polo que cómpre estar constantemente actualizándose para non quedar atrás. A escola ten que ter en conta, ten que preparar ao alumnado no seu manexo e incrementar a capacidade de utilizalas partindo de todas as áreas curriculares.

Desde a Educación Física pódese recorrer nalgún momento á navegación por Internet e visualización de documentos audiovisuais... Non quere dicir que semanalmente ou quincenalmente o profesorado teña que utilizar o ordenador, a aula de informática ou ver unha proxección sobre algún aspecto específico da área, senón que, cando sexa preciso e as condicións docentes así o requiran, pode facelo.

## **16.-Accións de contribución ao plan de convivencia**

Non existe outra área curricular que permita un maior número de situacións nas que o alumnado deba interactuar cos demais. A E.Física polo entorno no que se desenvolve e a súa propia dinámica é ideal para o desenvolvemento das habilidades sociais. Pretenderemos :

- Fomentar a convivencia no centro
- Instaurar o sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos os seus membros ben acollidos , respectados e seguros, todos e todas.
- Aprender estratexias de resolución pacífica de conflitos tales que nos permitan vivir de xeito pacífico tanto dentro como fora da escola.

- Potenciar a adquisición por parte do alumnado das competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo mesmo, cos demais e co medio no que vive.
- Dotar a comunidade educativa dos recursos necesarios para a xestión do conflito.

Para levar a cabo isto centramos o noso labor en tres eixos fundamentais:

### 1. O COIDADADO DA PERSOA:

- a. Procuraremos acadar nos nosos alumnos o benestar emocional.
- b. Traballaremos a **educación en valores** e as **habilidades sociais**.
- c. Prestaremos especial **atención á diversidade** entendendo a diferenza coma un valor.

### 2. O COIDADADO DO ENTORNO:

- a. Buscamos unha escola aberta e integrada no entorno
  - i. Procuraremos ter un **entorno físico agradable**: Traballaranse a normas:
    - De cada unha das aulas: orde do material escolar e limpeza
    - Do patio de recreo: limpeza e resolución de conflitos
    - Do resto das instalación: pavillón

### 3. O COIDADADO DAS RELACIÓNS:

- a. Coas familias:
  - Reunións informativas con todas as familias e ademais
  - Entrevistas persoais con cada unha das familias.
- b. Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo:
  - i. Unha labor tutorial para:
    - Establecer entre todos unhas normas fundamentais de aula.
    - Acadar unha cohesión de todo o grupo.

## 17.-Accións de contribución ao proxecto lingüístico

Un recurso que deben ter en conta as e os profesionais da Educación Física é a biblioteca. Pensando en combinala co uso das TIC, pode servir para afianzar contidos propios da área. Tanto a biblioteca da aula como a do centro escolar facilitarán e proporcionarán a busca de información, o manexo de fontes bibliográficas, a consulta de diversos documentos e, o que é moi importante, a adquisición de hábitos habituais de lectura, favorecendo con esta medida a dedicación dun tempo diario a ela.

## 18.-Actividades complementarias e extraescolares

Neste centro organízanse actividades deportivas de competición interna e externa. O profesor de Educación Física da unha especial importancia a participación neste tipo de eventos, xa que que o deporte favorece o desenrolo integral do alumnado polo que en todo momento tenta motivar ao seu alumnado para que participe nestas actividades.

Neste curso 2021-2022 participaremos no programa “Pequevoley”, organizado pola Federación Española de Voleibol, así como no programa Xogade, coa creación de 4 equipos de voleibol que competirán na liga escolar da zona Val de Lemos. Tamén solicitaremos o Dafis e a participación no programa de piraguismo

**Sempre supeditadas a evolución do covid-19.**

## 19.-Procementos para avaliar a propia programación

- Ao finalizar o curso, o mestre debe reflexionar acerca das seguintes cuestións:
- Que obxectivos logrei e en que grao?
- Que grao de motivación observei nas actividades realizadas polos alumnos/as?
- Cales foron as actividades máis eficaces e por que?
- Que clima se mantivo nas miñas clases e que relación houbo entre o alumnado e o mestre?
- Cales foron as causas dos conflitos xurdidos nas miñas clases e como se poden evitar?
- A partir da reflexión acerca destas cuestións, poderemos planificar mellor a programación do seguinte ano co obxectivo de mellorar a nosa práctica docente.

➤	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
<b>Preparación da clase e dos materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
<b>Utilización dunha metodoloxía adecuada</b>	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grao de seguimento dos alumnos.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que deles se</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					



<b>lles dá aos alumnos e ás familias</b>	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.						
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: • Aos alumnos. • Ás familias.						
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.						
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.						
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.						
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.						

ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	<b>0</b>	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	<b>1</b>	Omítense elementos fundamentais do indicador
	Básico	<b>2</b>	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	<b>3</b>	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	<b>4</b>	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas